

TÍTULO PRELIMINAR  
DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Finalidades
- Artigo 3. Principios reitores
- Artigo 4. Definicións

TÍTULO I – DISPOSICIÓN COMÚNS DA POLÍTICA CLIMÁTICA DE GALICIA

- Artigo 5. Da ambición de neutralidade climática
- Artigo 6. Da política climática
- Artigo 7. Dos ámbitos da política climática
- Artigo 8. Suxeitos da acción climática
- Artigo 9. Áreas estratéxicas

TÍTULO II.- POLÍTICAS DE MITIGACIÓN E ADAPTACIÓN

CAPÍTULO I POLÍTICAS DE MITIGACIÓN DAS EMISIÓN DE GASES DE EFECTO  
INVERNADOIRO

- Artigo 10. Obxectivos
- Artigo 11. Liñas estratéxicas de mitigación

CAPÍTULO II - POLÍTICAS DE ADAPTACIÓN AOS IMPACTOS DO CAMBIO  
CLIMÁTICO

- Artigo 12. Obxectivos
- Artigo 13. Liñas estratéxicas de adaptación aos impactos do cambio climático

TÍTULO III -FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE CAMBIO  
CLIMÁTICO

CAPÍTULO I – FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN

- Artigo 14. Formación
- Artigo 15. Investigación sobre cambio climático
- Artigo 16. Centro Galego de Coñecemento sobre o Cambio Climático

CAPÍTULO II - SENSIBILIZACIÓN

- Artigo 17. Da alfabetización en cambio climático

TÍTULO IV - GOBERNANZA E DIMENSIÓN SOCIAL

CAPÍTULO I - GOBERNANZA

- Artigo 18. Disposicións xerais

CAPÍTULO II - ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

- Artigo 19. Consello da Xunta
- Artigo 20. Sector público autonómico de Galicia

CAPÍTULO III - COORDINACIÓN DE POLÍTICAS SECTORIAIS

Artigo 21. Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático

Artigo 22. Funcións da Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

Artigo 23.. O Consello galego do clima

#### CAPÍTULO IV - DIMENSIÓN SOCIAL

Artigo 24. Participación social

Artigo 25. Alianza galega polo clima

Artigo 26. Portal da acción climática

### TITULO V - PLANIFICACIÓN CLIMÁTICA

#### CAPÍTULO I - INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

Artigo 27. Instrumentos de planificación

Artigo 28. Estratexia Galega a longo prazo

Artigo 29. Orzamentos de carbono

Artigo 30. Plans rexionais integrados

Artigo 31. Plans municipais

#### CAPÍTULO II - PERSPECTIVA CLIMÁTICA NOUTRAS MEDIDAS DE PLANIFICACIÓN

Artigo 32. Perspectiva climática

Artigo 33. Perspectiva climática nos orzamentos

Artigo 34. Perspectiva climática nos instrumentos de planificación

Artigo 35. Planificación enerxética

Artigo 36. Planificación da mobilidade

Artigo 37. Planificación urbanística

#### CAPÍTULO III - CONTRATACIÓN E FINANZAMENTOS PÚBLICOS

Artigo 38. Accións sobre o patrimonio público

Artigo 39. Contratación pública ecolóxica

Artigo 40. Contratos públicos de obra ou concesión de obras

Artigo 41. Financiamento sostible

#### CAPÍTULO IV - FOMENTO DA DESCARBONIZACIÓN

Artigo 42. Programas de descarbonización do sector público autonómico de Galicia

Artigo 43. Descarbonización da economía

Artigo 44. Do Rexistro Galego de pegada de carbono

Artigo 45. Dos sumidoiros de carbono

## TITULO VI -SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

### CAPÍTULO I - AVALIACIÓN

Artigo 46. Mecanismos e ferramentas de avaliación

Artigo 47. Informe dos programas de descarbonización das administracións públicas

### CAPÍTULO II - SEGUIMIENTO

Artigo 48. Inventario de emisións

## TITULO VII -RÉXIME DISCIPLINARIO E SANCIONADOR

### CAPÍTULO I - COMPETENCIAS E RESPONSABILIDADE

Artigo 49. Competencias

Artigo 50. Responsabilidade

### CAPÍTULO II - INSPECCIÓN

Artigo 51. Función inspectora

### CAPÍTULO III - INFRACCIÓNS E SANCIONES

Artigo 52. Infraccións

Artigo 53. Sancións

Artigo 54. Prescrición

Disposición adicional primeira. Orzamentos de carbono

Disposición adicional segunda *Estratexia a longo e plan rexional integrado*

Disposición adicional terceira *Perspectiva climática*

Disposición adicional cuarta. *Sumidoiros de carbono*

Disposición adicional quinta. *Da Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050*

Disposición adicional sexta. *Consello galego do clima*

Disposición adicional sétima. *Dimensión social*

Disposición adicional oitava. *Modelo estandarizado dos programas de descarbonización*

Disposición adicional novena. *Inventario de emisións*

Disposición adicional décima. *Revisión da Estratexia galega de Cambio Climático e Enerxía 2050*

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O enfoque de concepción da Natureza ten variado ao longo dos séculos, dende un enfoque utilitarista que pon ao servizo do ser humano todo o presente nela ata o redescubrimiento do ser humano como parte indisoluble da mesma, a través do concepto de ecosistema e as complexas interaccións, formulada por Arthur George Tansley en 1937, coñecida como ecoloxía científica. Este concepto remite a todas as interaccións das distintas especies viventes entre si, e de todos os organismos vivos co entorno físico: solo, aire, clima... Neste contexto, o home volve a ser parte integrante do ecosistema que é un medio finito, con poboacións e recursos limitados.

Sen embargo, moitos científicos non aceptan este enfoque, ou o consideran insuficiente, por continuar a perpetuar o antropocentrismo. Neste senso, a postura equilibrada baséase en defender que a Natureza e o home deben coexistir en compenetración en un espazo vital máis respectado. Baixo esta premisa o home, como ser consciente está na obriga de entender á Natureza, respectar as súas dinámicas, sen contrapoñelas ao desenvolvemento humano.

Ben é certo que, ano tras ano a humanidade está a consumir recursos por enriba do que a Natureza é capaz de fornecer o que está a provocar efectos sobre o clima. Sobre o clima, especialmente nos cambios que está a experimentar nesta Era, o ser humano está a ter unha influencia indiscutible de xeito tal que se está a coñecer como Antropoceno. O recoñecemento destes feitos supón romper co criterio antropoxénico e converter o clima nunha entidade, que non é humana nin é produto da elaboración humana, e a súa protección e mellora nun elemento central do dereito.

Neste senso, o filósofo Gilles Lipovetsky, no seu libro : "O ecoloxismo culpabilizador é un erro", declara que é a intelixencia dos homes, e non a moral, a que pode solucionar as crisis. Segundo o autor, a moral fai, por exemplo, que a xente recicle, axude co lixo pero estas boas prácticas individuais non van solucionar o problema global. Defende o filósofo que a a responsabilidade é política e económica.

A Constitución Española de 1978, no seu Capítulo terceiro, *dos principios reitores da política social e económica*, establece no artigo 45 que todos teñen dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado ao desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.

Continúa a dicir que as autoridades públicas asegurarán o uso racional de todos os recursos naturais, a fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Como precedente da nosa Constitución, é necesario destacar a Conferencia de Estocolmo de 1972, que marca un antes e un despois na protección do medio ambiente natural. Por primeira vez, un forum internacional recoñece a protección do medio ambiente como unha política transversal. A chamada "Declaración de Estocolmo" proclama que "o home ten o dereito fundamental (...) ao gozo de condicións de vida adecuadas nun medio ambiente de calidade que permita levar unha vida digna e gozar de benestar, e-ten a solemne obriga de protexer e mellorar o medio ambiente para as xeracións futuras."

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) no seu artigo 4º recoñece o ambiente como unha competencia compartida da Unión e, posteriormente, regula as políticas ambientais nos artigos 191.º a 193.º. Entre os obxectivos enumerados están a conservación, protección, e mellora da calidade do ambiente; a protección da saúde humana; a utilización prudente e racional dos recursos naturais e a promoción de medidas a nivel internacional destinadas a resolver os problemas ambientais rexionais ou globais e, en especial, a loita contra o cambio climático. Inclúe tamén algúns principios que deben inspirar todas as técnicas a desenvolver, tales como a cautela e a acción preventiva.

Recentemente, en xullo 2022, a Asemblea Xeral das nacións Unidas ven de aprobar a súa Resolución sobre o dereito humano a un medio ambiente limpo, saudable e sostible na que recoñece:

1. O dereito a un medio ambiente limpo, saudable e sostible como un dereito humano;
2. Observa que o dereito a un medio ambiente limpo, saudable e sostible está relacionado con outros dereitos e o dereito internacional vixente;
3. Afirma que a promoción d o dereito a un medio ambiente limpo, saudable e sostible require a plena aplicación dos acordos multilaterais relativos ao medio ambiente con arrego aos principios do dereito ambiental internacional;
4. Exhorta aos Estados, as organizacións internacionais, as empresas e outros interesados pertinentes a que adoitén políticas, aumenten a cooperación internacional, reforcen a creación de capacidade e sigan compartindo boas prácticas co fin de intensificar os esforzos para garantir un medio ambiente limpo, saudable e sostible para todos.

En materia de consenso científico mundial é necesario ter en conta os informes do grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC). Dentro do sexto ciclo de avaliación deste Grupo, contéplanse 3 informes: As bases físicas do cambio climático;

impacto, adaptación e vulnerabilidade asociada ao cambio climático e mitigación do cambio climático.

No caso do informe “CAMBIO CLIMÁTICO 2021: BASES FÍSICAS”, abórdase a comprensión física do sistema climático e do cambio climático máis actualizada, reunindo para iso os últimos avances en climatoloxía e combinando diversas liñas de evidencia procedentes do paleoclima, as observacións, o coñecemento dos procesos e as simulacións climáticas mundiais e rexionais. Nel expóñense a maneira na que ten cambiado o clima ata o de agora, as razóns dese cambio, así como unha mellor comprensión da influencia humana nunha gama máis ampla de características climáticas, incluídos os fenómenos extremos. Ademais, préstase maior atención á información rexional que pode servir para avaliar os riscos climáticos.

A principal mensaxe que o IPCC transmite con este informe é que o cambio climático xa é un fenómeno xeneralizado e que afecta a todas as rexións. A responsabilidade da acción humana é innegable, o cal representa un maior grao de certeza sobre esta cuestión respecto de informes anteriores.

Moitos dos cambios observados no clima non teñen precedentes e mesmo algún deles, como por exemplo o aumento continuo do nivel do mar, non se poderán revertir nun espazo de tempo curto. Ademais, a velocidade dos cambios é cada vez maior.

Sen embargo, a pesar deste diagnóstico, o IPCC sinala que aínda é posible atenuar e ralentir estes cambios a través de una redución substancial e sostida das emisións de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) e doutros gases de efecto invernadoiro.

O pasado 28 de febreiro de 2022, o IPCC publicou o segundo dos informes, sobre os impactos, a vulnerabilidade e a adaptación ao cambio climático, no que estudan os impactos futuros, con diferentes niveles de quecemento, e os riscos resultantes. Tamén se ofrecen opcións para fortalecer a resiliencia da natureza e a sociedade ao cambio climático.

A principal mensaxe deste informe é a de advertir sobre as consecuencias da inacción. Se o ritmo da redución das emisións segue a ser o previsto actualmente, o aumento da temperatura resultante ameazará a produción de alimentos, o subministro de auga, a saúde humana, os asentamentos costeiros, as economías nacionais e a supervivencia de gran parte do mundo natural. A única maneira de evitalo é unha redución máis rápida das emisións. Por tanto, as medidas que se adopten no presente determinarán a forma en que as persoas se teñan que adaptar e a resposta da natureza.

Hoxe en día, as medidas de adaptación ao cambio climático son esenciais para reducir os riscos que este entraña e tamén pode mellorar o benestar das persoas. Sen embargo, a

adaptación no é a alternativa á redución de emisións xa que se o queentamento continúa, chegará un momento no que o mundo no se poderá adaptar aos cambios.

O 4 de abril de 2022, publicouse a terceira entrega do Sexto Informe de Avaliación (AR6) dedicado á mitigación fronte ao cambio climático: “Cambio Climático 2022: mitigación do cambio climático”, no que se ofrece unha avaliación global actualizada dos avances e compromisos en materia de mitigación do cambio climático, e se examinan as fontes das emisións globais. O informe explica a evolución dos esforzos de redución das emisións e de mitigación, á vez que se avalía o impacto dos compromisos climáticos nacionais en relación cos obxectivos de emisións a longo prazo.

A principal mensaxe que o IPCC transmite con este informe é sinalar que aínda é posible acadar o obxectivo de non superar 1,5°C de aumento de temperatura global no Planeta, pero para elo é urxente intensificar as reducións de emisións de gases de efecto invernadoiro a nivel global xa que necesitamos reducir as emisións mundiais significativamente.

Para limitar este quecemento global se debe reducir a demanda enerxética en infraestruturas, mellorar a eficiencia nas tecnoloxías de uso final, modificar na sociedade hábitos de comportamento e implantar o modelo de economía circular.

A oportunidade de conseguir un futuro sostible para todos estase a cerrar e non podemos permitírnos máis atrasos, é necesario, por tanto, que aceleremos a redución de emisións, transitemos hacia enerxías limpas e renovables. Non é unha tarefa doada e o esforzo tense que producir a todos os niveis, dende o individual ao colectivo, dende o público ao privado.

A Unión Europea é o terceiro maior emisor de gases de efecto invernadoiro no mundo despois de China e Estados Unidos, seguido de India, Brasil e Xapón (2015).

Dentro da UE, os principais emisores en 2019 foron Alemaña, Francia, Italia, Polonia e España. O cambio climático afecta ás distintas rexións de Europa, con aumento das temperaturas e o aumento do risco de desertificación ata maiores precipitacións anuais e inundacións. O impacto observado pola Axencia Europea do Medio Ambiente esténdese desde ámbitos económicos como o turismo e a enerxía; medioambiental ou o sector agrogandeiro ata a saúde humana.

Neste senso, a Comisión Europea adoptou o Pacto Verde Europeo, folla de ruta para lograr que Europa se converta nun espazo neutral para o clima en 2050 e nunha sociedades sostible. En 2021, coa Lei Europea do clima a UE converteu o compromiso político de acadar a neutralidade climática (emisións netas cero) para 2050 nunha obriga legal, pasando polo obxectivo intermedio de redución das emisións para 2030 en alo menos un 55% a través

do paquete de medidas legislativas «Obxectivo 55» que inclúe a revisión de 13 leis e 6 novas propostas relacionadas co clima e a enerxía e cuxa ambición tense aumentada ata o 57% despois da COP27..

Sen embargo, a nova realidade xeopolítica ante a invasión de Ucraína por parte de Rusia e as súas consecuencias no mercado da enerxía obrigaron á Comisión Europea a presentar un plan (*REPowerEU*) para independizar a Europa dos combustibles fósiles foráneos, especialmente os rusos, moito antes de 2030, acelerando drasticamente a transición cara unha enerxía limpa que reforce a independencia enerxética de Europa.

Por outra parte, a UE está a traballar para lograr unha economía circular para 2050, crear un sistema alimentario sostible e protexer a biodiversidade e os polinizadores.

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Axenda para o Desenvolvemento Sostible 2030 que conta con 17 ambiciosos obxectivos globais para transformar o noso mundo.

A UNESCO garante que o papel da cultura se teña en conta na maioría dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 (ODS), incluídos aqueles que se centran na educación de calidade, as cidades sostibles, o medio ambiente, o crecemento económico, as pautas de consumo e produción sostibles, as sociedades inclusivas e pacíficas, a igualdade entre xéneros e a seguridade alimentaria. A Axenda 2030 recolle que a innovación verde ten que estar intimamente relacionada coa equidade e xustiza social.

Precisamente, na terceira entrega do seu Sexto Informe do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC), destácase que a aceleración das accións climáticas equitativas en materia de mitigación e adaptación aos impactos do cambio climático reviste suma importancia para o desenvolvemento sostible. Algunhas opcións de resposta poden contribuír á absorción e o almacenamento do carbono e, ao mesmo tempo, poden axudar ás comunidades a limitar os impactos asociados ao cambio climático. Por exemplo, nas cidades, as redes de parques e espazos abertos, os humedais e a agricultura urbana poden reducir o risco de inundacións e os efectos de illa de calor.

As medidas de mitigación na industria poden reducir os impactos ambientais e incrementar as oportunidades de emprego e de negocios. A electrificación con enerxías renovables e os cambios no transporte público poden mellorar a saúde, o emprego e a equidade.

## II

A lexislación europea sobre o clima (<<lei europea do clima>>), aprobada polo Regulamento (UE) 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de xuño de 2021, polo que se establece o marco para lograr a neutralidade climática e se modifican



os Regulamentos (CE) 401/2009 e (UE) 2018/1999, declara que a ameaza existencial que supón o cambio climático require unha maior ambición e a intensificación da acción polo clima, tanto por parte da Unión como dos Estados membros. A acción polo clima debe ser unha oportunidade para todos os sectores da economía da Unión ata conseguir disociar o crecemento económico das emisións de gases de efecto invernadoiro. O obxectivo, xuridicamente vinculante, é o de alcanzar cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro no 2050. Esta lexislación obriga a institucións da UE e aos Estados membros a adoptar as medidas necesarias para acadar o aliñamento con estes obxectivos climáticos.

Pola súa banda, a lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, di responder ao compromiso asumido por España no ámbito internacional e europeo. Segundo indica, esta lei ten por obxecto asegurar o cumprimento, por parte de España, dos obxectivos do Acordo de París, facilitar a descarbonización da economía española, a súa transición a un modelo circular, de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos; e promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible que xere emprego decente e contribúa á redución das desigualdades.

Así mesmo, establece que tanto a Administración Xeral do Estado, como as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, no ámbito das súas respectivas competencias, darán cumprimento ao obxecto da lei, e cooperarán e colaborarán para a súa consecución.

### III

Pola súa banda, Galicia leva máis de 12 anos na loita contra o cambio climático e ten sido pioneira en moitas iniciativas. A máis importante delas é a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 que situou a Galicia como unha das primeiras rexións en establecer, por escrito, o compromiso de acadar a neutralidade climática o antes posible e sempre antes de 2050, en perfecto aliñamento co disposto no Acordo de París e tamén co recollido posteriormente no Pacto Verde Europeo e na Lei europea do clima. Así mesmo, e de cara á efectividade das accións, esta estratexia leva aparellado un primeiro Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 que recolle 171 medidas.

Ademais da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía e do seu completo plan operativo, nos últimos anos o Goberno galego dotouse doutras ferramentas para avanzar na loita contra o cambio climático.

Importante destacar que a elaboración da mesma foi completamente participativa, colaborando máis de 600 axentes de distintos sectores. Esta estratexia contribúe directamente ao cumprimento das metas do ODS e tamén analiza a resiliencia das administracións, onde a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia destaca como coordinadora do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía.

Así mesmo a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia está a traballar no cumprimento dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) fixados pola ONU a través da Axenda 2030. A diferenza doutros obxectivos de desenvolvemento formulados en ocasións anteriores, son universais e afectan tanto a países desenvolvidos coma aos países en desenvolvemento, son de carácter integrado e indivisible, e conxugan as tres dimensións do Desenvolvemento Sustentable: económica, social e ambiental.

O primeiro informe sobre a Axenda 2030 en Galicia inclúe un diagnóstico sobre a situación de Galicia ante os ODS, que foi realizado con unha batería de indicadores baseados nos indicadores propostos polas Nacións Unidas e adaptados á realidade galega. O informe inclúe tamén as iniciativas levadas a cabo pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia relacionadas con cada un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

O diagnóstico sobre a Axenda 2030 en Galicia permite coñecer non só o estado actual da rexión respecto ás metas fixadas por Nacións Unidas (ONU) en canto a Desenvolvemento Sustentable, senón tamén identificar oportunidades de mellora. O diagnóstico da Axenda 2030 estuda o avance na rexión galega para 77 metas das 169 propostas pola ONU e abarca os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, proponendo un total de 161 indicadores.

Algunhas das conclusións obtidas a través do diagnóstico da Axenda 2030 en Galicia máis relacionados co cambio climático están: Asegurar a sustentabilidade dos sistemas de produción de alimentos e aplicar prácticas agrícolas resilientes que fortalezan a capacidade de adaptación ao cambio climático. Destacar neste eido o Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galicia e o exitoso Plan estratéxico de produción ecolóxica.

Continuando co ODS 6: Auga Limpa e Saneamento é importante mencionar os distintos Plans de xestión da auga (sendo o Plan auga 2010-2025 o vixente), o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, cuxa normativa foi publicada por Orde do 10 de febreiro de 2023 (DOG do 20 de febreiro de 2023) (PHGC); Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de xuño de 2022, publicado por Resolución do 14 de xuño de 2022 (DOG do 1 de xullo de 2022); Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 27/2023, do 17 de xaneiro (BOE do 18 de xaneiro de 2023) (PXRI); o Plan Auga, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 14 de maio de 2010.1

En canto ao ODS 7: Enerxía accesible e non contaminante, merecen especial mención as Directrices Enerxéticas Galegas 2018-2020, que teñen a súa continuidade na Axenda Enerxética de Galicia 2030. En particular, Galicia destaca en enerxías renovables, cun aumento na súa proporción superior ao 70% (2005-17). Este ODS tamén está vinculado coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

O Plan Estratégico de Galicia 2021-2030 (PEG) é coherente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e cos obxectivos políticos e específicos dos Programas 2021-2027, e a partir del desenvóléronse outras iniciativas estratégicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma como a Estratexia Galega de RSE 2023-2025, a través da cal se busca promover que as empresas galegas se desenvolvan atendendo de forma equilibrada ás variables económicas, ambientais, sociais e de bo goberno, así como ás demandas dos seus grupos de interese para construír unha Galicia de futuro. Desde a Xunta de Galicia quérese avanzar cara unha Galicia igualitaria, responsable e competitiva, na que empresas e administración traballen cara a unha sociedade responsable e un desenvolvemento sustentable, no contexto dos retos globais; unha Galicia como espazo de oportunidades para un desenvolvemento social, ambiental e económico responsable, baseado na colaboración dos axentes públicos e privados e dos grupos de interese.

En relación con estes ODS, non podemos obviar que durante o ano 2022 aprobouse a Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, que contribúe aos obxectivos de desenvolvemento sostible, xa que se fundamenta en que o novo modelo industrial para conseguir unha economía descarbonizada e dixitalizada require de materias

primas e procesos de produción eficientes, e por iso, a industria de materias primas minerais desempeña un papel clave como provedora destas materias

Entre os instrumentos elaborados que se alían co ODS 11: Cidades e Comunidades Sustentables, destaca a Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia e o Plan de Transporte Público de Galicia 2018 (Galicia duplicou en 2017-18 a lonxitude dos seus carreiros ciclistas e peonís e atópase en proceso aumentar o número de estacións intermodais da rexión). Por último, dentro das cidades sustentables, non debe esquecerse a xestión de residuos e a contaminación atmosférica. En canto á xestión de residuos, é importante destacar que Galicia segue traballando para reducir a proporción de residuos enviados a entulleira (reduciuse en máis dun 50% a porcentaxe enviada), sendo actualmente un dos territorios con menor proporción; 32% en Galicia fronte ao 51% de media nacional. En canto á contaminación atmosférica, merece a pena destacar que os niveis medios anuais de PM10 e PM 2,5 nas grandes cidades galegas (ponderados segundo poboación) son inferiores aos valores legais permitidos.

Unha das accións máis relevantes desenvoltas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia relacionadas co ODS 12: Producción e Consumo responsable é a Estratexia Galega de Economía Circular 2030. Entre as prioridades da estratexia atópase a circularidade na xestión dos residuos e neste aspecto, o diagnóstico mostra que Galicia mellorou as súas taxas de reciclaxe, en particular a de vidro. A recollida de plástico e cartón e papel non queda atrás en canto a melloría, rexistrándose unha tendencia ao alza nos último anos.

A Estratexia galega de economía circular 2030, é unha delas e ten como obxectivo principal, mudar o ciclo da economía produtiva, dunha progresión lineal a outra de tipo circular na que a redución no consumo de recursos, mediante a redución e reutilización dos residuos, alongando a vida útil dos produtos e reintroducindo os residuos na cadea de produción, redunde na redución dos gases de efecto invernadoiro.

En canto ao ODS 14: Vida submarina, Galicia, sendo unha rexión costeira, sempre tivo unha gran tradición polo coidado da costa, o mar e os seus recursos naturais, gran motor do sector primario e signo inequívoco da gastronomía e cultura galega. Galicia destaca na protección da vida submarina co 100% das zonas mariñas galegas clasificadas como “Bo estado ambiental” con respecto á eutrofización, cumprindo así coa meta que busca previr e reducir a contaminación mariña, incluíndo a polución por nutrientes. Ademais, para os hipotéticos casos de contaminación mariña accidental, Galicia aprobou en 2016 o Plan CAMGAL (Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia). Outro

exemplo do grao de implicación de Galicia coa vida submarina é que a proporción de especies se pescan seguindo o principio de Rendemento Máximo Sustentables é do 69%, aumentando máis dun 30% (2004-17).

Á vida submarina, séguelle o ODS 15: Vida de Ecosistemas Terrestres. En 2019 aprobouse a nova Lei do Patrimonio Natural, cuxo obxectivo é protexer e garantir a conservación de todos os valores e elementos naturais que conforman a Galicia verde e azul coa que se identifica a comunidade. O novo marco lexislativo súmase a medidas como o Plan de Promoción e Mellora do Patrimonio Natural de Galicia, a implementación da primeira Rede Galega de Parques Naturais ou a creación da Rede Galega de Reservas de Biosfera. Outro dos instrumentos máis relevantes son as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e a Estratexia de Paisaxe que inclúe ademais accións de Sensibilización, Formación e Divulgación da paisaxe. Dentro deste obxectivo, merece a pena destacar a loita contra a desertificación e a degradación do solo.

O ODS 17: Alianzas para alcanzar os obxectivos, a pesar de ser o último dos ODS, é sen dúbida o máis importante. Para o cumprimento satisfactorio da Axenda 2030 é necesario establecer asociacións inclusivas multinivel e intersectoriais. Ademais, Galicia contribúe a través da cooperación internacional ao intercambio de coñecementos e a creación e fortalecemento das capacidades dos países socios, poñendo énfases nalgúns obxectivos en áreas específicas como a ciencia e a tecnoloxía. Estas son metas que están claramente asociadas co V Plan Director de Cooperación Galega 2023-2026 que recolle especificamente, como un dos seus ámbitos estratéxicos loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

Como se comentou, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia participa como coordinadora do Pacto dos Alcaldes (*Covenant of Mayors*), a iniciativa que a Comisión Europea puxo en marcha en 2008, unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso dos concellos asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados pola UE para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sustentable. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos asinantes de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como, un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela, para mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A nivel internacional, máis aló de seren unha rexión da Unión Europea, Galicia ten amosado o seu interese pola loita contra o cambio climático a través da súa pertenza a coalicións supranacionais e supracomunitarias como a Coalición Under Two (U2). Durante a celebración da recente Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático de 2021 en Glasgow, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en nome da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, asinou o Memorando de Entendemento da Coalición Under Two (MdE U2). Este Memorando de Entendemento recoñece que os Gobernos de todos os niveis deben actuar agora para reducir as emisións de GEI co fin de lograr un equilibrio climático a longo prazo. As entidades deben aproveitar as novas tecnoloxías, as políticas, os mecanismos de financiación e os incentivos económicos para reducir as emisións, ao tempo que desenvolven métricas comúns para medir os seus avances. Os Gobernos tamén deben

augmentar a resiliencia das infraestruturas e os sistemas naturais aos crecentes impactos climáticos.

Para lograr o ambicioso obxectivo para 2050, tense que establecer obxectivos intermedios, fixados para 2030 ou antes, son fundamentais. As Partes asinantes do MdE U2 acordan emprender medidas para unha redución global do 45% das emisións de CO2 para 2030 respecto aos niveis de 2010 ou obxectivos equivalentes, na maior medida posible. Para elo, comprométense a levar a cabo actuacións en áreas específicas como a enerxía, industria, mobilidade. Natureza e uso do solo, investigación e desenvolvemento, comunicación e participación pública, contaminación, inventarios e finanzas.

#### IV

A presente lei ven dar resposta a todos eses compromisos adquiridos e, por outra banda, ao Parlamento de Galicia que, co apoio de todos os grupos parlamentarios, aprobou o 11 de novembro de 2021 unha proposición non de lei na que insta á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a:

- Aprobar a declaración ante a emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer todas as futuras políticas do Goberno de Galicia, sexa cal sexa a súa cor política, para facer fronte a esta emerxencia que ameaza o noso futuro individual e colectivo.
- Comprometerse a activar, coa máxima urxencia, políticas transversais en todas as áreas e accións de Goberno, para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática non máis tarde de 2050, de non ser posible facelo antes desde o punto de vista técnico e económico.
- Promover o investimento en I+D+i e novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.
- Revisar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 para adaptala á consecución dos obxectivos de redución do 55 % de GEI no ano 2030, tal e como marca a Comisión Europea.
- Implicarse activamente no Pacto Verde Europeo e nos obxectivos de redución do 55 % de GEI, promovendo decididamente a transición ecolóxica xusta e a integración de Galicia na nova economía verde.

Así mesmo, responde ao Acordo do Consello da Xunta do dez de febreiro de dous mil vinte dous en resposta a esta petición do Parlamento de Galicia e que recolle, literalmente:

1º.- Activar, coa máxima urxencia, políticas transversais en todas as áreas e accións de Goberno, para conseguir a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática no máis tarde de 2050.

2º.- Tramitar o Anteproxecto de Lei do Clima de Galicia no que se recoñeza a este como “obxecto de dereito” e como orientación xeral de planificación dos procesos de desenvolvemento socioeconómico, que garanta a obriga de acadar á ambición climática que se recolla nos acordos internacionais contra o Cambio Climático.

3º.- Establecer as medidas que lle correspondan no reparto de esforzos que na tarefa de redución de gases de efecto invernadoiro se teñan asignados ao Reino de España.

4º.- Unha vez revisada a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, realizar os axustes necesarios cara á súa contribución para acadar os obxectivos da Unión Europea de redución do 55% de emisión GEI no 2030.

5º.- Implicarse activamente no Pacto Verde europeo e nomeadamente nas Estratexias de contaminación cero, estratexia forestal e de solo san así como calquera outra emanada do devandito Pacto.

6º.- Promover a inversión en I+D+i en novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.

7º.- Promover un esquema de capital natural, baseado no modelo de servicios ecosistémicos que asegure un progreso sosegado e acorde coas necesidades do rural de Galicia.

8º.-Asegurar que o uso dos fondos europeos se destine a inversión sostibles que garantan un futuro ecolóxico e que respecten o principio de non prexudicar de maneira significativa os obxectivos medioambientais da UE

9º.- Alentar unha alianza socio-económica en Galicia en favor da loita contra o cambio climático.

10º.- Asinar acordos internacionais que permitan o traballo cooperativo, sinérxico con outras rexións e entidades subnacionais e locais en materia de cambio climático.

11º.- Consegur que todas as Entidades Locais de Galicia se adhiran ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e Enerxía e apoiar todas as medidas que se recollan nos seus plans de acción.



## V

Esta lei consta de 54 artigos distribuídos en sete títulos, dez disposicións adicionais, , unha disposicións derogatoria e dous disposicións derradeiras.

O Título preliminar contén as disposicións xerais da lei, relativas ao seu obxecto, finalidades e principios reitores, así como as definicións que resultan aplicables no contexto da lei. Este é, por tanto, un título esencial da norma por canto declara o obxectivo de acadar a neutralidade climática en Galicia, o antes posible e, en todo caso, a máis tardar no ano 2050, que é o eixo fundamental sobre o que xira todo o disposto nesta lei.

O Título I recolle as liñas da Política Climática en Galicia, explicitando a ambición de neutralidade climática no ano 2050 e as claves que a definen.

No Título II recollese tanto o ámbito da mitigación como o de adaptación ao cambio climático na política climática de Galicia e consta de dous Capítulos.

O Capítulo I céntrase nas políticas de mitigación. Tal e como define o Panel Internacional de Cambio Climático (IPCC) nos seus informes, a mitigación constitúe a intervención humana encamiñada a reducir as fontes ou a potenciar os sumidoiros de gases de efecto invernadoiro. No seu quinto ciclo o IPCC advertía que se as emisións continuasen ao ritmo actual acadaríase un quentamento de 1,5°C entre 2030 e 2052, polo que para limitar o quentamento a 1,5°C as emisións netas de CO<sub>2</sub> deberían reducirse ata cero arredor de 2050.

A lei do clima europea declara que, co fin de lograr o obxectivo de neutralidade climática establecido no seu artigo 2, é necesario establecer obxectivos intermedios de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro nun 55% con respecto aos niveis 1990 para o ano 2030.

Para aplicar estes obxectivos a institución da UE e dos EEMM darán prioridade ás reducións de emisións rápidas e previsibles e, ao mesmo tempo, incrementarán as absorcións por sumidoiros naturais.

Pola súa banda, a lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética establece, a fin de garantir que se fai o esforzo de mitigación coherente coa lexislación europea, a obriga de que todos os sectores contribúan cos seus esforzos á descarbonización da economía.

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o seu Plan Rexional Integrado 2019-2023 teñen demostrado ser instrumentos axeitados para avanzar no proceso de descarbonización da nosa comunidade e converxer neste eido coa UE.

Aínda que a Estratexia Galega non incluía obxectivos intermedios de redución de emisións a 2030, na Axenda Enerxética de Galicia 2030 si que se inclúe un obxectivo de redución de emisións para Galicia a 2030. Os datos da avaliación do primeiro ano de aplicación do Plan Rexional amosan que Galicia xa está a cumprir os obxectivos marcados pola UE.

Galicia está a contribuír por enriba da media nacional e europea aos obxectivos de redución de emisións GEI de España e da UE e o nivel de redución das emisións en Galicia é superior ao do conxunto de España á vez que a súa contribución continúa a diminuír.

Galicia é una das CCAA que máis está a reducir as súas emisións, e o seu esforzo de redución de emisións está a converxer coa media da UE en maior medida que o conxunto de España. No ano 2021, a pesares da recuperación da actividade económica, as emisións GEI estiveron un 34% por debaixo das do ano 1990 o que a sitúa como a segunda CA que máis reduzo as emisións cun diferencial de case 34 puntos porcentuais con respecto á totalidade de emisións do país.

Por outra parte, Galicia en 2021 aumentou á súa capacidade de captura de CO<sub>2</sub> atmosférico un 0,17% respecto a 2020 e un 85,2% respecto a 1990 situándoa como a CA con maior capacidade de absorción e o seu peso no contexto nacional ascendeu do 15,5 % en 1990 a representar un 21,9% en 2021.

No ano 2021 Galicia foi a segunda CA en produción de enerxía de fontes renovables, só por detrás de Castela e León. Na comparativa de Galicia con outros EEMM da UE, a redución superaría a países como Croacia, Bélxica, Francia, ou Italia e situaríase lixeiramente por debaixo de Finlandia ou Suecia.

Neste Capítulo, de políticas de mitigación, recóllense tantos os obxectivos cualitativos como as liñas estratéxicas de mitigación que serán de aplicación ás áreas estratéxicas definidas pola lei e que están en coherencia cos sectores definidos no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima

No Capítulo II, recóllese outro dos ámbitos destacados para a política climática de Galicia: A Política de Adaptación.

Ante unha realidade innegable de afección polo cambio climático no presente, Galicia ten que contar cunha política que permita á sociedade e aos sectores económicos clave unha adaptación aos impactos do cambio climático de xeito que se consiga a súa resiliencia.

Para conseguir unha redución da exposición e actuar con efectividade fronte á vulnerabilidade é imprescindible que existan proxeccións axustadas á nosa rexión climática

e á idiosincrasia da nosa comunidade autónoma e que as medidas de adaptación estean deseñadas tendo en conta as peculiaridades de cada sector produtivo.

A presente lei establece os obxectivos que debe ter a política de adaptación e as liñas estratéxicas para acadar dita adaptación, facendo fincapé na xestión adaptativa sectorial dos sectores máis economicamente relevantes e que basearase, fundamentalmente, nos ecosistemas existentes en Galicia.

O Título III da lei está adicado a outros dos ámbitos que teñen que ser afrontados pola política climática. O Capítulo I recolle a formación en materia climática establecendo que debe incluírse en todos os eslavóns da formación regrada de xeito que se consiga a xeración dunha conciencia crítica na sociedade que permita á cidadanía tomar decisións informadas e participar, de xeito efectivo, nas accións que afecten ao seu presente pero, sobre todo ao seu futuro.

No mesmo Capítulo abórdase a investigación en cambio climático coa que se persegue crear unha robusta rede de coñecemento sobre o cambio climático que permita a Galicia manter un diálogo e presenza relevante nos foros científicos e permita que as políticas nesta materia estean baseadas no maior grado de evidencia e consenso científico posible.

A lei prevé a creación dun centro de coñecemento cuxa función ven determinada pola necesidade de manter un mapa de actividades de I+D+i que permita centralo xa que actualmente atópase moi atomizado. O centro aspira a divulgar e difundir os resultados de xeito que podan establecerse mecanismos de colaboración e cooperación entre a ciencia e o mercado, impulsando e acelerando os mesmos para o seu aproveitamento polo tecido empresarial de xeito que se redunde nunha mellora da resiliencia de Galicia.

O Título remata co Capítulo adicado á sensibilización da poboación xeral como complemento á formación regrada, promovendo palancas como a cultura e o deporte na amplificación das mensaxes para acadar un alto grado de preocupación climática necesaria para o éxito no obxectivo común. A cultura forma parte do noso ser e configura a nosa identidade. Sen cultura non hai desenvolvemento sostible. Desde o patrimonio cultural ás industrias culturais creativas, a cultura é o facilitador e motor das dimensións económica, social e ambiental do desenvolvemento sostible.

O último dos ámbitos da política climática, a gobernanza e dimensión social, son abordados no Título IV que comeza cunhas disposicións xerais nas que se destaca a necesaria implicación de todos os compoñentes da sociedade galega no seu conxunto para lograr acadar a ambición climática. As administracións públicas galegas teñen que ser o punto de partida da dinamización das medidas encamiñadas á consecución dos obxectivos da lei

pero a sociedade galega e os axentes sociais teñen que se implicar para lograr a aplicación efectiva da mesma.

O Capítulo II recolle a organización administrativa e as funcións que corresponde a cada un dos niveis de gobernanza dentro da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dende o Consello ao papel das Consellerías.

A necesaria coordinación dos diferentes departamentos da administración rexional establécese no Capítulo III a través da Comisión Interdepartamental as súas funcións.

O Capítulo IV aborda a dimensión social abordando a creación dun consello asesor de expertos, o modelo de participación cidadá e un modelo colaborativo a través do cal canalizar as inversións en materia de responsabilidade medioambiental dos axentes económicos, a alianza polo clima de Galicia. É esta una iniciativa que, cun arranque dinamizador da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aspira a converterse nun foro de relación entre todas partes interesadas no que tomar decisións de implicación con coñecemento, tanto das necesidades como das propostas que se formulan para solucionarlas. Unha rede dinámica que sirva de plataforma para as organizacións medioambientais e de escaparate de boas prácticas que podan resultar de interese para pequenas e medianas empresas.

A dimensión social culmina co elemento de divulgación e transparencia, o portal de acción climática, que servirá de ventá dixital á que asomarse para seguir a evolución das diferentes medidas previstas nesta lei, de acceso público e universal e do xeito máis actualizado posible.

O Título V recolle os elementos que deben constituír a planificación climática en Galicia, dende os instrumentos da devandita planificación ata os programas de descarbonización das administracións públicas en Galicia.

O seu Capítulo I recolle cales serán os instrumentos de planificación da política climática, tanto a longo prazo como a medio prazo, a través da estratexia e o plan rexional integrado respectivamente.

A estratexia a longo prazo será o instrumento esencial da planificación climática e que marcará o rumbo cara á consecución da neutralidade no 2050. Terá que ser aprobada polo Consello da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, logo da súa avaliación correspondente e recollerá todos os ámbitos e áreas estratéxicas recollidas na presente lei.

Para a súa efectiva aplicación, e como instrumento que medirá a velocidade e os logros ao longo do rumbo establecido pola estratexia, determínase o plan rexional integrado. Neste plan, de horizontes temporais máis curtos, de cinco anos, incluíranse as medidas

específicas, o sistema de seguimento e as medidas de axuste correctoras de calquera desviación ou ineficiencia.

Inclúese, como instrumento de planificación, os orzamentos de carbono como limite total de emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia en prazos de cinco anos, en total aliñamento co resto dos instrumentos de planificación e cunha completa análise prospectiva da política climática para asegurar o cumprimento do limite.

Este mesmo Capítulo recolle a obriga de instaurar instrumentos de planificación climática para os concellos galegos de máis de 20.000 habitantes, así como as medidas de apoio que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia levará a cabo para que outras entidades locais podan ter unha participación efectiva na consecución dos obxectivos de política climática de Galicia.

Ademais destes instrumentos de planificación esta lei recolle a necesidade de contemplar a perspectiva climática noutras medidas de planificación. Así o Capítulo II impón a obriga de que calquera disposición normativa a contemple no senso da avaliar en que forma está a contribuír ao disposto nesta lei. Así mesmo, dita perspectiva terá que ser tida en conta nos proxectos orzamentarios da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos Concellos de máis de 20.000 habitantes e das Deputacións provinciais, ademais de contemplar o principio de non causar prexuízo significativo aos obxectivos medioambientais (DNSH nas súas siglas en inglés *Do Not Significant Harm*).

Continúa o Capítulo incorporando a perspectiva climática ao procedemento de avaliación estratéxica para rematar con outras das áreas estratéxicas na que perspectiva climática resulta ineludible: A enerxética, a mobilidade e a planificación urbanística.

O Capítulo III de este Título recolle a necesidade de que as accións de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de insumos, esencialmente enerxéticos, como obra pública ou calquera tipo de contratación, estean apoiadas nos principios desta lei e sirvan de exemplo de liderazgo para a promoción dun novo xeito de relacionar a actividade humana co seu ecosistema. Por último, se promove que o financiamento con fondos públicos sexa destinado a actividades sostibles dende o punto de vista medioambiental.

Remata o Título cun Capítulo, o IV, no que se abordan os programas de descarbonización da economía de Galicia e o fomento dun modelo produtivo e de consumo circular que desligue o crecemento económico do consumo de recursos para conseguir a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, á vez que se consagran o rexistro autonómico da pegada de carbono e os sumidoiros de carbono como adxuvantes necesarios na consecución das emisións netas cero ou neutralidade climática.

O Título VI abarca os mecanismos de seguimento e avaliación. O Capítulo I céntrase nos propios instrumentos de planificación e a batería de indicadores que, a modo de cadro de mando, servirán para informar da evolución e para corrixir a tempo aqueo que non está a funcionar axeitadamente. Tamén formarán parte destes mecanismos de avaliación os informes dos programas de descarbonización.

O Capítulo II recolle o inventario de emisións como sistema fiable de seguimento da efectividade das medidas aplicadas en base ao disposto na lei. Un inventario que deberá coordinarse co sistema nacional e que deberá reunir os criterios de calidade, fiabilidade e robustez dos datos que se inclúan nel.

O articulado da lei remata no Título VII co marco de disciplina e sancionador. Este Título recolle tres Capítulos, adicados á disciplina, inspección e o réxime sancionador aplicable neste novo marco normativo.

## VI

Desta maneira, danse por cumpridos os obxectivos propostos coa aprobación da presente lei, coa finalidade, por un lado, de dispor na nosa comunidade autónoma dunha normativa que, de conformidade co marco de competencias xa exposto, concilie o réxime xurídico común ou básico coas peculiaridades que presenta, ou pode presentar, a loita contra o cambio climático no noso territorio.

Mediante esta lei, transformase en obriga vinculante o compromiso político establecido na Estratexia galega de Cambio climático e enerxía 2050 que, ao igual que o plan rexional integrado vixente terá que ser revisada e adaptada ao previsto nesta lei aínda que o seu obxectivo a longo prazo, acadar a neutralidade climática en Galicia a máis tardar en 2050, non se modifica. Ambos instrumentos terán que converxer coa elevación dos obxectivos de redución dos gases de efecto invernadoiro para 2030 da UE ata acadar ao menos o 55% en comparación con 1990.

De conformidade con todo o exposto, coa aprobación desta lei dáse pleno cumprimento aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que constitúen a base da calidade normativa, consonte o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

## VII

En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación pública da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular. Así mesmo, durante a tramitación da lei obtívose o ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia, de conformidade co artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

## VIII

Así mesmo, ao abeiro da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia para aprobar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, a presente lei incorpora ao ordenamento xurídico autonómico algúns dos mandatos do Regulamento (UE) 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de xuño de 2021, polo que se establece o marco para lograr a neutralidade climática e se modifican os Regulamentos (CE) 401/2009 e (UE) 2018/1999

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei do Clima de Galicia

## IX

Nesta lexislación tense contemplados os principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposición xerais

#### Artigo 1. *Obxecto*

A presente lei ten por obxecto:

- a) Acadar a neutralidade climática en Galicia no prazo máis breve posible e, en todo caso, a máis tardar no ano 2050, aliñando a política de Galicia co Pacto Verde Europeo e co Acordo de París de 2015.
- b) Considerar o clima como prioridade no marco de calquera política sectorial a través de considerar vinculantes as medidas de mitigación e adaptación ao cambio climático para todas as actuacións realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Establecer o deber de protección, conservación, mantemento e restauración do clima a cargo dos poderes públicos de Galicia e á sociedade galega no seu conxunto.

#### Artigo 2. *Finalidades*

As finalidades de interese público desta lei son:

- a) Reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) a través da progresiva descarbonización da economía de acordo aos compromisos europeos e internacionais que lle corresponden a Galicia.
- b) Asegurar unha transición xusta que garanta a cohesión social e o desenvolvemento económico das zonas máis afectadas polo proceso de descarbonización.
- c) Garantir que o despregue de enerxías renovables respecte o capital natural dos servizos ecosistémicos.
- d) Aumentar a absorción de CO<sub>2</sub> mediante unha xestión sostible do territorio
- e) Mellorar a calidade de vida dos galegos.
- f) Manter a competitividade do tecido empresarial galego.
- g) Mellorar a capacidade de Galicia para captar fondos.
- h) Fomentar o emprego verde e fixar poboación.
- i) Incidir na educación e concienciación social.
- j) Desenvolver e manter redes de observación e modelos climáticos adaptados.



- k) Aumentar a resiliencia ao cambio climático.
- l) Desenvolver unha xestión adaptativa sectorial.
- m) Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático.
- n) Fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz.
- o) Impulsar a gobernanza climática e a responsabilidade compartida da sociedade galega.
- p) Aplicar o principio de avaliación continuada para asegurar a eficacia e efectividade da acción climática.

### Artigo 3. *Principios reitores*

1. Os principios reitores necesarios para acadar os obxectivos desta lei serán os recollidos na Declaración de Principios Éticos de UNESCO en relación co Cambio Climático, de 13 de novembro de 2017, e que se sintetizan de seguido:

- a) Prevención dos danos para conseguir un crecemento económico desvinculado das emisións de efecto invernadoiro e mellorar a resiliencia.
- b) Criterio de precaución de xeito que ante a incerteza científica se aposte por posturas de protección.
- c) Equidade e xustiza, de xeito que as respostas ao cambio climático que se adopten beneficien a totalidade da poboación.
- d) Desenvolvemento sostible, construíndo unha sociedade evolucionada, máis xusta, responsable e resiliente.
- e) Solidariedade, identificando á poboación máis vulnerable aos efectos do cambio climático e cumprindo co esforzo que lle corresponda a nivel nacional e internacional.
- f) Coñecementos científicos e integridade na adopción de decisións, reforzando os vínculos entre as decisións políticas e a ciencia e apostando pola investigación en materia de cambio climático.

2. Serán tamén principios reitores desta lei, os seguintes:

- a) O principio de responsabilidade ambiental
- b) O principio de non causar prexuízo significativo aos obxectivos medioambientais establecidos no artigo 9 e de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 (principio DNSH).
- c) O principio de transparencia.

- d) O principio de acceso á información e participación pública.
- e) O principio de acceso á xustiza en materia de medioambiente
- f) O principio de debida dilixencia medioambiental.
- g) O principio de deber de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas

#### Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos do establecido nesta lei establécense as seguintes definicións:

- a) **Adaptación:** En sistemas humanos é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado e os seus efectos, para reducir danos e aproveitar oportunidades beneficiosas. En sistemas naturais é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado. A intervención humana pode facilitar este axuste.
- b) **Acción climática:** calquera política, medida ou programa con miras a reducir os gases de efecto invernadoiro, construír resiliencia ao cambio climático ou apoiar e financiar eses obxectivos. **Alfabetización climática:** a comprensión da influencia que xeramos no clima e viceversa
- c) **Cambio climático:** O conxunto de cambios a longo prazo das temperaturas e os patróns climáticos.
- d) **Comercio de dereitos de emisión:** instrumento de mercado, mediante o cal se crea un incentivo ou desincentivo económico que persegue un beneficio medioambiental e que se aplica ás emisións de dióxido de carbono procedentes de instalacións que desenvolven as actividades enumeradas en el anexo I da Lei 1/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e superen os umbrais de capacidade que nel se establecen
- e) **Conferencia das Partes (COP):** Cumio Anual que realiza a Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC)
- f) **Deseño ecolóxico ou Ecodeseño:** integración dos aspectos medioambientais no deseño dos produtos co fin de mellorar o seu comportamento medioambiental ao longo de todo o seu ciclo de vida
- g) **Economía Circular:** Modelo de produción e consumo que implica a extensión do ciclo de vida dos produtos mediante accións de compartir, alugar reutilizar, reparar, renovar e reciclar materiais e produtos existentes todas as veces que sexa posible para crear un valor engadido.
- h) **Escenarios climáticos:** Modelos climáticos capaces de simular as interaccións entre os procesos físicos, químicos e biolóxicos que afectan ao clima.

- i) Escenarios de emisións: Modelos que reflexan os cambios que podería propiciar o avance da tecnoloxía, as tendencias socioeconómicas, as regulacións lexislativas ou a dispoñibilidade de recursos enerxéticos sobre os gases de efecto invernadoiro. Tamén coñecidos como traxectorias ou sendas representativas de concentración (RCP en inglés).
- j) Gases de efecto invernadoiro (GEI): Compoñentes gaseosos da atmosfera, naturais ou antropoxénicos, que absorben e emiten radiación en determinadas lonxitudes de onda o espectro de radiación térmica emitida pola superficie da Terra, pola propia atmosfera e polas nubes. Esta propiedade ocasiona o efecto invernadoiro.
- k) Mitigación: Diminución da cantidade de emisións á atmosfera e a redución da concentración actual de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) mediante a mellora dos sumidoiros
- l) Neutralidade climática: Equilibrio entre as emisións netas de gases de efecto invernadoiro e as absorcións.
- m) Orzamentos de carbono: Cantidade de carbono que pode emitir unha economía, ou unha parte dela nun período de tempo determinado.
- n) Pegada ambiental dos produtos: resultado dun estudio da pegada ambiental dos produtos baseado no método da pegada ambiental dos produtos
- o) Pegada ambiental das organizacións: resultado dun estudio da pegada ambiental das organizacións baseado no método da pegada ambiental das organizacións.
- p) Pegada de carbono: A totalidade de gases de efecto invernadoiro emitidos por efecto directo ou indirecto a través da actividade que desenvolve unha organización.
- q) Principio de precaución: Enfoque da xestión do risco baseada na non aplicación dunha determinada política ou acción cando as súas consecuencias sobre os danos ás persoas ou ao medio ambiente non contén con consenso científico.
- r) Proxeccións climáticas: Resposta simulada, mediante modelos matemáticos, do sistema climático a diversos escenarios de emisións de gases de efecto invernadoiro,
- s) Resiliencia climática: a habilidade de sistemas socioeconómicos de absorber e recuperarse de perturbacións e estreses climáticos, á vez que se adaptan e transforman as súas estrutura e formas de vida de cara aos cambios a longo prazo e á incerteza.
- t) Sostibilidade: Desenvolvemento que permite cubrir as necesidades presentes da poboación, sen que iso prexudique ás súas futuras xeracións, mediante a consecución do equilibrio entre o crecemento económico, o benestar social e o coidado medioambiental.
- u) Sumidoiro de carbono: Todo sistema ou proceso polo que se extrae da atmosfera un gas ou gases de efecto invernadoiro e se almacena.

- v) Vehículos sostibles de mobilidade persoal: Vehículo dunha o máis rodas dotado de unha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h.
- w) Vulnerabilidade: O grado de susceptibilidade ou de incapacidade dun sistema para afrontar os efectos adversos do cambio climático e, en particular, a variabilidade do clima e dos fenómenos extremos.

## TÍTULO I

### **Disposición comúns da política climática de Galicia**

#### *Artigo 5. Da ambición de neutralidade climática*

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia adoitará as medidas necesarias para orientar a súa acción climática a acadar a neutralidade climática, a máis tardar, no ano 2050, sen prexuízo de que se acollan todas as actuacións precisas para anticipar o seu cumprimento.
2. Así mesmo, os esforzos para conseguir os obxectivos en enerxías renovables e de eficiencia enerxética, serán os establecidos na normativa estatal e europea de aplicación.

#### *Artigo 6. Da política climática*

1. A política climática desenvolvida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia basearase no interese xeral e nos principios recollidos nesta lei.
2. A política climática terá en conta as perspectivas de cambio a curto, medio e longo prazo, e o seu impacto na vida da cidadanía de Galicia, así como nas actividades económicas, sociais, culturais e no medio ambiente.
3. A política climática contará con instrumentos de planificación estratéxica e terá en conta as circunstancias tecnolóxicas, políticas, económicas, fiscais, sociais, e enerxéticas.
4. A política climática estará construída en base á acción climática conxunta de todos os suxeitos da sociedade galega.

#### *Artigo 7. Dos ámbitos da política climática*

A política climática comprenderá catro ámbitos de actuación en relación ao cambio climático.

- a) Mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- b) Adaptación aos seus impactos.
- c) Formación, Investigación e sensibilización.
- d) Gobernanza.e dimensión social.

#### Artigo 8. *Suxeitos da acción climática*

Son suxeitos da acción climática de Galicia:

- a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- b) As Entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.
- c) As Entidades locais
- d) Os axentes económicos, as empresas privadas e outras entidades de dereito privado
- e) As organización sindicais
- f) As organizacións non gobernamentais (ONG) en materia medioambiental
- g) As universidades galegas
- h) Os Centros e grupos de investigación e reflexión, así como os centros tecnolóxicos
- i) Outras asociacións da sociedade civil;

#### Artigo 9. *Áreas estratéxicas*

Para os efectos desta lei terán a consideración de áreas estratéxicas para a acción climática as seguintes:

- a) Acuicultura e pesca.
- b) Administracións públicas.
- c) Agricultura, gandería, forestal.
- d) Alimentación.
- e) Auga.
- f) Biodiversidade e Medio Natural.
- g) Comercio.
- h) Edificación e vivenda.
- i) Enerxía.
- j) Industria.
- k) Medio Mariño

- l) Residuos.
- m) Transporte e mobilidade.
- n) Turismo.
- o) Usos da terra, cambios de uso da terra e silvicultura.
- p) Minería

## TÍTULO II

### Políticas de mitigación e adaptación

#### CAPÍTULO I

##### Políticas de mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro

###### Artigo 10. *Obxectivos*

1. Serán obxectivos das políticas de mitigación do cambio climático:
  - a) A redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro.
  - b) A potenciación da capacidade de absorción e fixación de carbono a través da xestión dos recursos forestais, prácticas agrarias sostibles, ecosistemas mariños, prácticas a usos do solo e conservación e restauración de ecosistemas.
2. Os obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro fixaranse tomando como referencia a redución acordada para o conxunto da Unión Europea e os criterios de repartimento de esforzos que a Unión Europea fixa para os estados membros, incorporando sempre as actualizacións da Conferencia das Partes (COP).
3. Os devanditos obxectivos teñen que ser congruentes co escenario de neutralidade climática previsto para 2050.

###### Artigo 11. *Liñas estratéxicas de mitigación*

1. Para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, establécense as seguintes liñas estratéxicas:
  - a) Implantar a cultura da eficiencia enerxética na sociedade.

- b) Camiñar cara un modelo enerxético baixo en emisións, mediante o fomento das enerxías renovables, do aforro e da eficiencia enerxética e a progresiva eliminación do uso de combustibles fósiles.
- c) Incrementar a competitividade da industria diminuindo a súa pegada de carbono.
- d) Aumentar as alternativas dispoñibles a favor dunha mobilidade sostible.
- e) Promover a conversión do sector primario en hipocarbónico.
- f) Reducir os residuos, apostando pola bioeconomía.
- g) O uso racional e sustentable dos recursos naturais.

2. Para aumentar a absorción de dióxido de carbono, establécense as seguintes liñas estratéxicas:

- a) Cuantificar as emisións/absorcións asociadas aos usos do solo.
- b) Protexer e restaurar zonas que constitúan almacéns naturais de carbono, como os humedais e corredores fluviais.
- c) Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal, agrario e mariño.
- d) Fomentar o uso de produtos madeireiros como depósitos de carbono, especialmente en contratos de obra pública.
- e) Despregar infraestruturas verdes como provedoras dos servicios ambientais e a protección da biodiversidade.
- f) Posta en valor doutras reservas de carbono.

## CAPÍTULO II

### **Políticas de adaptación aos impactos do cambio climático**

#### Artigo 12. *Obxectivos*

Son obxectivos das políticas de adaptación aos impactos do cambio climático:

- a) O desenvolvemento, actualización e mantemento das redes de observación e modelos climáticos adaptados a Galicia, actualizando as proxeccións rexionais de cambio climático coa obtención de índices climáticos para a súa aplicación na escala rexional e local.

- b) O aumento da resiliencia ao cambio climático, reducindo a vulnerabilidade da poboación e do territorio.
- c) A implementación dunha xestión adaptativa naqueles sectores relevantes, con liñas especificamente orientadas ao sector pesqueiro, agro-gandeiro, turístico, transporte, enerxético e forestal

### Artigo 13. *Liñas estratéxicas de adaptación*

1. Para o desenvolvemento de modelos climáticos adaptados aos impactos do cambio climático, establécense as seguintes liñas estratéxicas:

- a) Consolidar unha estrutura de redes de observación como instrumento de mellora da monitorización.
- b) Dispoñer de modelos climáticos como ferramenta de apoio á planificación.

2. Para o aumento da resiliencia ao cambio climático, establécense as seguintes liñas estratéxicas:

- a) Fomentar unha estrutura territorial resiliente e con capacidade de adaptación ao cambio climático, potenciando as solucións baseadas na natureza.
- b) Promover a conservación e o uso eficiente dos recursos naturais.
- c) Reducir a vulnerabilidade do territorio ante os riscos xerados polo cambio no clima, primando as solucións baseadas na natureza.
- d) Reducir a vulnerabilidade da poboación ante os riscos xerados polo cambio no clima, primando as solucións baseadas na natureza.
- e) Promover a conservación e o uso eficiente dos recursos hídricos, en coordinación cos instrumentos de planificación hidrolóxica.

3. Para o desenvolvemento dunha xestión adaptativa sectorial, establécense as seguintes liñas estratéxicas:

- a) Consolidar unha xestión sustentable da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta el posicionamento actual do sector a longo prazo.
- b) Conseguir un sector agrario adaptado ao cambio climático.
- c) Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación sectorial do turismo e adaptar a actividade turística para minimizar o seu impacto.



- d) Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia.
- e) Avanzar cara á transición do sistema enerxético galego desde a adaptación do sector.
- f) Optimizar a xestión forestal sustentable como ferramenta de adaptación ao cambio climático dos montes galegos.
- g) Promover a transición do sector mineiro cara unha actividade extractiva sostible.
- h) Integrar a adaptación ao cambio climático da planificación hidrolóxica.

### TITULO III

#### **Formación, investigación e sensibilización sobre cambio climático**

#### CAPÍTULO I

#### **Formación e investigación**

##### *Artigo 14. Formación*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará as accións necesarias para garantir a adecuada formación do profesorado en materia de cambio climático e incorporará contidos sobre este tema tanto nos currículos de educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional, coma nos plans de estudos das titulacións oficiais de grado e postgrado.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a creación de titulacións de formación profesional materias específicas obxecto desta lei.

3. Nos distintos ámbitos educativos promoverase e facilitarase a participación do alumnado e persoal docente en actividades vinculadas á sensibilización en materia de cambio climático.

##### *Artigo 15. Investigación sobre cambio climático*

1. En materia de investigación sobre cambio climático a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Aumentará a capacidade de Galicia en investigación e innovación
- b) Promoverá a adquisición e transferencia de coñecemento en materia de cambio climático
- c) Manterá, actualizará e ampliará os sistemas de observación sistemática do medio natural e do entorno socioeconómico
- d) Examinará as conclusións dos informes dos Comités de Expertos do IPCC, da Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES) e doutros organismos internacionais.
- e) Contribuirá ao intercambio de coñecementos científicos independentes no ámbito da modelización e proxeccións así como en innovación.
- f) Mellorará os sistemas de monitoreo e seguimento dos efectos do cambio climático contextualizados para Galicia
- g) Integrará os resultados e avances da investigación na planificación sectorial e xeral de Galicia fronte ao cambio climático.

2. Para os efectos de estimular o diálogo e a cooperación entre as comunidades científicas, o departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de cambio climático publicará informes sobre as medidas existentes e propostas, e o seu grado de coherencia cos obxectivos propostos.

3. Así mesmo, o devandito departamento encargarse de elaborar, manter e actualizar, e no seu caso ampliar, o mapa de coñecemento e capacidades de Galicia en materia de cambio climático.

4. En particular, en materia de cambio climático, se fomentará en Galicia a I+D+i en:

- a) Redución de emisións netas de gases de efecto invernadoiro en sectores claves da economía de Galicia.
- b) Mellora da capacidade de adaptación dos sistemas naturais e socioeconómicos.
- c) Desenvolvemento de técnicas de aproveitamento de materiais secundarios; mellora da eficiencia de materiais e procesos no consumo de enerxía e auga.
- d) Desenvolvemento de técnicas e tecnoloxías de almacenamento de enerxía de fontes renovables.
- e) Mellora da eficiencia nas áreas estratéxicas recollidas nesta lei.

Artigo 16. *Centro Galego de Coñecemento sobre o Cambio Climático*

O órgano correspondente da Consellería competente en materia de cambio climático exercerá as funcións de Centro Galego de Coñecemento sobre o Cambio Climático, cuxos obxectivos son os seguintes:

- a) Dispoñer dun mapa actualizado das iniciativas e traballos de I+D+i desenvolvidos en Galicia.
- b) Trazar e avaliar os progresos en materia de investigación.
- c) Promover a cooperación e o paternariado para a investigación en materia de cambio climático
- d) Desenvolver ferramentas para apoiar o progreso das medidas en materia de cambio climático
- e) Identificar, filtrar e estruturar información relevante e facela accesible
- f) Promover o traballo conxunto e a colaboración entre investigadores, departamentos administrativos, centros tecnolóxicos, ONGs , industria e cidadáns.
- g) Analizar, sintetizar e comunicar a evidencia dispoñible dun xeito transparente, adaptado e conciso para a súa comprensión de todas as partes interesadas.

## CAPÍTULO II

### **Sensibilización**

#### *Artigo 17. Da alfabetización en cambio climático*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia reconece a alfabetización climática como a ferramenta axeitada para conseguir cambios positivos no comportamento individual e colectivo da sociedade galega en materia de cambio climático.
2. A tal efecto, promoverá, en colaboración coas entidades locais e outras entidades, accións de educación non formal para sensibilizar á poboación en xeral.
3. Así mesmo, desenvolverá ferramentas de coñecemento e divulgación a utilizar en museos, centros de ciencia, biblioteca e outros medios de comunicación de divulgación,
4. Promoveranse campañas de sensibilización cidadá sobre o cambio climático e de fomento de boas prácticas.
5. Recoñécese o papel fundamental da cultura e deporte na amplificación e divulgación de boas prácticas. Neste senso promoveranse acordos de colaboración coa industria cultural e as organizacións deportivas para acadar unha redución da pegada de carbono nos seus eventos.

## TITULO IV

## **Gobernanza e dimensión social**

### **CAPÍTULO I**

#### **Gobernanza**

##### *Artigo 18. Disposicións xerais*

1. A loita fronte ao cambio climático é un aspecto clave que require dunha actuación de todos os axentes públicos e privados, polo que é necesario impulsar fórmulas de gobernanza que permitan axuntar os esforzos de todos eles.
2. Buscarase a gobernanza multinivel, de xeito que se asegure a efectiva aplicación do disposto nesta lei, para integrar todos os esforzos e garantir o seguimento dos avances.
3. Priorizarase a mellora do sistema de gobernanza e de partenariado, potenciando os mecanismos de coordinación, a avaliación e a comunicación entre todos os axentes, entre os que se inclúen as administracións públicas, axentes económicos e sociais e sociedade civil.
3. Establecerase unha axeitada organización administrativa para a realización da política climática e a mobilización da cidadanía e axentes sociais e económicos.
4. Fixarase unha estrutura de coordinación e supervisión entre os diferentes departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Garantirase o acceso á información e incentivarase a participación activa da cidadanía, o tecido económico e social na toma de decisións e a avaliación de medidas en favor da neutralidade climática.
6. Promoverase as ferramentas dixitais para a comunicación da política climática ao público en xeral.

### **CAPÍTULO II**

#### **Organización administrativa**

##### *Artigo 19. Consello da Xunta*

1. Corresponde ao Consello da Xunta:
  - a) A aprobación da planificación das políticas climáticas nos supostos recollidos nesta lei nos que se establecen os obxectivos xenerais e os específicos de cada sector e ámbito.
  - b) A aprobación do informe de seguimento bianual sobre o cumprimento dos obxectivos fixados na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, elaborado pola Comisión interdepartamental impulso e coordinación da Estratexia Galega do clima, regulada no Decreto 130/2019, do 3 de outubro.
  - c) A proposta de orzamentos de carbono, trala toma de razón pola antedita Comisión interdepartamental e previamente á súa remisión ao Parlamento de Galicia.

2. Así mesmo, o Consello da Xunta tomará razón dos seguintes asuntos:

- a) Os informes de seguimento, tanto da planificación estratéxica como dos plans rexionais integrados de enerxía e clima.
- b) O informe dos programas de descarbonización recollido no artigo 47, elaborado polos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais, por proposta deses departamentos.
- c) Os informes de seguimento da evolución da pegada de carbono recollida no artigo 20.

#### *Artigo 20. Sector público autonómico de Galicia*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico de Galicia están obrigados a coñecer a súa pegada de carbono a través dos seguintes medios:

- a) A elaboración do inventario das emisións de gases de efecto invernadoiro xerados nos seus edificios ou instalacións e nos servizos que prestan.
- b) O establecemento dun programa de descarbonización no que se fixen os obxectivos de redución das devanditas emisións e, no caso de non seren posible, dos mecanismos de compensación das emisións residuais.
- c) A realización de auditorías de seguimento anuais sobre a evolución da súa pegada de carbono.
- d) O establecemento das medidas correctoras pertinentes para solucionar as desviacións que se detecten nas auditorías previstas na letra anterior.

2. As consellerías con competencia nas áreas estratéxicas recollidas no artigo 9 estarán obrigadas á realización da planificación estratéxica sectorial correspondente así como ao seu seguimento e avaliación.

### CAPÍTULO III

#### **Coordinación de políticas sectoriais**

#### *Artigo 21. Comisión Interdepartamental para o impulso e coordinación da Estratexia Galega do clima*

A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, creada polo Decreto 130/2019, do 3 de outubro, é o órgano de coordinación e colaboración en materia de cambio climático e ten como fin impulsar as actuacións prioritarias recollidas nesta lei.

#### *Artigo 22. Funcións da Comisión Interdepartamental*

Ademais das funcións recollidas no artigo 4 do Decreto 130/2019, do 3 de outubro, correspóndenlle tamén á Comisión Interdepartamental:

- a) A revisión dos plans municipais regulados no artigo 31 desta lei así como dos informes do seu seguimento.
- b) A elaboración e aprobación do sistema de indicadores de seguimento e avaliación e o cadro de mando.
- c) A toma en consideración dos orzamentos de carbono previamente á súa remisión ao Consello da Xunta.

#### Artigo 23. *O Consello galego do clima*

1. Créase o Consello galego do clima como órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito á Consellería con competencias en materia de cambio climático.
2. A súa función será a de asesoramento ás administracións públicas sobre a política climática de Galicia.
3. A súa composición, o alcance do asesoramento, a composición e réxime de funcionamento determinaranse regulamentariamente.
4. En todo caso, na composición debe garantirse a representación de todas as universidades de Galicia e de grupos de investigación en materia de cambio climático.
5. Así mesmo, fomentárase a presenza igualitaria de mulleres e homes

### CAPÍTULO IV **Dimensión social**

#### Artigo 24. *Participación social*

1. Garántese a participación social en todos os instrumentos de planificación previstos nesta lei de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os instrumentos de planificación de carácter preceptivo para as entidades locais dispostos nesta lei terán que elaborarse garantindo a participación social.
3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a participación social naqueles instrumentos de planificación non preceptivos que elaboren as entidades locais
4. A política climática de Galicia estará suxeita ao previsto pola Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

#### Artigo 25. *Alianza galega polo clima*

1. Créase a alianza galega polo clima, en adiante a Alianza, como instrumento de participación constituído por organizacións implicadas na loita contra o cambio climático, a mellora do medioambiente e o impulso dunha economía circular e sostible.

2. Son obxectivos desta Alianza:

- a) Avogar por un compromiso medioambiental das diferentes organizacións que a integran.
- b) Dar visibilidade ao compromiso das organizacións galegas co medio ambiente
- c) Buscar a sinerxía e coordinación das accións de organizacións da sociedade civil en materia de cambio climático e medioambiente.
- d) Definir a priorización de estratexias e iniciativas comúns que contribúan a resolución dos principais problemas medioambientais de Galicia.
- e) Impulsar iniciativas de mellora nas prácticas medioambientais das organizacións e da sistemática de compartir boas prácticas.
- f) Realizar recoñecementos públicos de implicación coa mellora do medio ambiente.
- g) Identificar os factores, brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións asuman un compromiso medioambiental.
- h) Ofrecer ferramentas a pequenas e medianas empresas para a súa incorporación activa á alianza para acadar unha mellora medio ambiental dos seus procesos.

3. Poderán formar parte da Alianza:

- a) Empresas e asociacións profesionais ou empresariais.
- b) Organizacións sindicais.
- c) Organizacións non gobernamentais ambientais (ONGs) e outras organizacións da sociedade civil.
- d) Organizacións científicas e académicas.
- e) Administracións públicas implicadas.
- f) Calquera outra organización que estea disposta a asumir un compromiso para avanzar na loita contra o cambio climático e a mellora do medio ambiente.

4. A pertencía á Alianza formalizarse mediante a sinatura dun memorando de entendemento.

5. A dinamización da Alianza correrá a cargo do departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de medioambiente e cambio climático

Artigo 26. *Portal da acción climática*

1. O departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático disporá a creación dunha ferramenta dixital pública e accesible que, seguindo o principio da transparencia, permitir á cidadanía participar de xeito informado na acción climática de Galicia.

2. Neste espazo dixital incluírase información o máis actualizada posible sobre:

- a) As emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia, sectorizadas
- b) Os progresos das medidas establecidas para a redución das devanditas emisións
- c) Os presupostos para o cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- d) O estado de execucións dos instrumentos de planificación e os seus resultados
- e) As metas e compromisos internacionais a que Galicia está vinculada
- f) Estudos e proxectos de investigación e desenvolvemento elaborados no ámbito do cambio climático desenvolvidos en Galicia
- g) As vías de participación e os proxectos abertos á mesma
- h) Proxectos de cooperación internacional en materia de cambio climático nos que estea a participar a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- i) Calquera outra que se considere relevante para a toma de decisión individuais informadas en materia de cambio climático

## TITULO V

### Planificación climática

#### CAPÍTULO I

##### Instrumentos de planificación

*Artigo 27. Instrumentos de Planificación*

1. Para asegurar o cumprimento dos obxectivos desta lei a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia contará cos seguintes instrumentos de planificación

- a) A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía, xunto cos seus Plans Rexionais Integrados de Enerxía e Clima.
- b) Os orzamentos de carbono.
- c) Os Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable indicados no artigo 31, adoptados polos Concellos de Galicia, que conterán as medidas de mitigación e adaptación establecidas na presente lei, nas áreas estratéxicas que correspondan co seu ámbito competencial.

A este efectos, terá dita consideración o Plan de Acción para a Enerxía Sostible e Clima (PACES) de cada un dos Concellos adheridos ao Pacto das Alcaldías para o Clima e que se atope rexistrado na Oficina do Pacto da Unión Europea.



2. Os instrumentos de planeamento previstos no presente artigo deben ser consistentes coas metas previstas na presente lei e coherentes entre si.
3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia establecerá os cauces de coordinación coa Administración Xeral do Estado no cumprimento das obrigas que como Estado Membro correspondan a este.

#### *Artigo 28. Estratexia a longo prazo*

1. A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía, e os seus sucesivos Plans Rexionais Integrados, constitúe o instrumento xeral de planificación da Comunidade Autónoma de Galicia fronte ao cambio climático, e constitúe o marco integrado e transversal de ordenación e planificación de obxectivos, políticas e acción que permiten cumprir cos obxectivos da presente lei.
2. Dita estratexia ten un carácter netamente transversal, incluíndo todas as áreas estratéxicas recollidas na presente lei.
3. No seu desenvolvemento e implantación incorporaranse todas as accións sectoriais que contribúan ao cumprimento dos obxectivos definidos.

A revisión dos contidos da actual Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e do seu Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 determinarase de acordo aos obxectivos e principios establecidos para o conxunto do Estado, da Unión Europea e a nivel Internacional.

4. A estratexia recollerá as metas sectoriais de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, en relación aos valores de 1990,
5. As metas serán revisadas para aumentar o seu grado de ambición tendo en conta os resultados obtidos e os novos avances científicos e tecnolóxicos.
6. A estratexia recollerá os ámbitos de actuación da política climática recollidos no artigo
7. A estratexia será proposta para a súa aprobación polo Consello da Xunta, pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, creada polo Decreto 130/2019, do 3 de outubro, como órgano de coordinación e colaboración en materia de cambio climático, para garantir a necesaria coordinación nas accións administrativas e de goberno derivada da necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos na devandita Estratexia.

#### *Artigo 29. Orzamentos de carbono*

1. Os orzamentos de carbono comprenderán a cantidade total de emisións permitidas para o conxunto de Galicia para o período establecido.
2. Para os efectos desta lei determínanse os orzamentos de carbono, como instrumento de planificación e seguimento dos obxectivos e establecéranse por períodos de cinco anos.

3. Os orzamentos de carbono terán en conta, entre outros, o coñecemento científico, os impactos sobre os diferentes sectores e os potenciais de redución de cada un, as circunstancias económicas e sociais, a competitividade, a política enerxética, os escenarios de emisións e os novos tratados e compromisos internacionais.
4. Indicarán a parte correspondente ao conxunto de sectores cubertos polo comercio de dereitos de emisións e o conxunto de emisións correspondentes a sectores non cubertos por ese sistema.
5. Corresponde ao Parlamento aprobar os orzamentos de carbono, a proposta do Consello da Xunta, en base ás recomendacións do Comité de Expertos sobre o Cambio Climático e previa consideración do Comité Consultivo do clima e a Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

#### Artigo 30. *Plans Rexionais Integrados*

1. O desenvolvemento e a implantación dos obxectivos estratéxicos levaranse a cabo a través de Plans rexionais integrados definidos na actual Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
2. Estes plans recollen medidas específicas que permitan desenvolver as liñas de acción establecidas para acadar os obxectivos da Estratexia.
3. O horizonte temporal destes plans será de un mínimo de 4 anos e un máximo de seis.
4. Esta fórmula de implantación orientase a facilitar a realización dunha avaliación continua e a introdución dos axustes precisos para maior eficacia da estratexia.
5. Os plans integrados recollen toda as medidas a curto prazo para acadar as metas sectoriais da estratexia para cada un dos bloques de actuación, especialmente para a mitigación e adaptación.
6. O Plan rexional integrado conterá, nos seus anexos, os plans municipais aprobados de acordo ao artigo 31.

#### Artigo 31. *Plans municipais*

1. Os concellos de máis de 20.000 habitantes adoptarán Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable que recollerán, nas áreas estratéxicas que correspondan co seu ámbito competencial, as medidas de mitigación e adaptación establecidas na presente lei.
2. Os devanditos plans terán, alomenos, o seguinte contido:
  - a) Obxectivos a medio e longo prazo congruentes coa ambición climática da UE e co propósito de acadar a neutralidade climática en Galicia o antes posible e, a máis tardar, no 2050.
  - b) Inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro do municipio, especialmente das infraestruturas, equipamentos e servizos municipais.

c) Medidas de mitigación e adaptación, partindo da avaliación de elementos vulnerables tendo en conta os potenciais impactos do cambio climático segundo os escenarios climáticos rexionais.

d) Medidas de impulso á transición e eficiencia enerxética e mobilidade sostible.

e) Medidas encamiñadas ao cumprimento das obrigas dispostas nesta lei.

f) Programación temporal das actuacións previstas, a súa avaliación económica e os indicadores de seguimento e resultados.

3. Os plans municipais someteranse a avaliación estratéxica e aprobaranse segundo o disposto para as ordenanzas na normativa de réxime local.

4. Unha vez aprobados comunicaranse ao departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático para os efectos da súa incorporación ao plan rexional integrado

5. Os devanditos plans deberán revisarse cando se proceda á revisión do plan rexional integrado.

6. Cada dous anos, os concellos deberán elaborar, aprobar e remitir ao departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático, un informe sobre o grado de cumprimento do seu plan.

7. Sen prexuízo do recollido nos puntos anteriores, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a adhesión de todos os Concellos de Galicia ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, actuando como oficina de coordinación autonómica e prestando o apoio técnico e económico para a elaboración dos plans de acción para o Clima e Enerxía Sustentable.

8. As Deputacións Provinciais, no seu marco de competencias, poderán prestar apoio aos Concellos para o cumprimento dos plans municipais.

## CAPÍTULO II

### **Perspectiva climática en outras medidas de planificación**

#### *Artigo 32. Perspectiva climática*

1. Tanto nos procedementos de elaboración de normativa como nas actividades de planificación que promovan ou aproben as administracións públicas de Galicia, deberase contemplar a perspectiva climática.

2. O órgano encargado de tramitar calquera iniciativa normativa ou planificadora deberá incorporar, con carácter preceptivo, unha avaliación de impacto climático, que terá por obxecto analizar a repercusión da disposición ou plan na mitigación e a adaptación ao cambio climático.

3.- Co gallo de acadar unha maior eficiencia administrativa e para obviar trámites administrativos innecesarios, a Consellería responsable en materia de clima poderá concretar iniciativas que non teñan que se someter a este trámite de avaliación.

#### Artigo 33. *Perspectiva climática nos orzamentos*

1. A perspectiva climática deberá estar incorporada, de xeito preceptivo, nas normas orzamentarias anuais:

- Da Comunidade Autónoma de Galicia
- Dos concellos de máis de 20.000 habitantes
- Das deputacións provinciais

2. Para o cumprimento do disposto no apartado anterior, os proxectos de orzamentos deberán acompañarse dunha memoria na que se especifiquen as inversións e gastos que incidan na loita contra o cambio climático e en favor-da neutralidade climática.

3. Así mesmo, a memoria deberá analizar o principio de non causar prexuízo significativo aos obxectivos medioambientais establecidos no artigo 9 e de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 (principio DNSH).

#### Artigo 34. *Perspectiva climática nos instrumentos de planificación*

1. Na formulación de novos instrumentos de planificación sectorial e, nomeadamente, aqueles que sexan sometidos a avaliación ambiental estratéxica, deberá incorporarse a perspectiva climática.

2. Así mesmo, nos procedementos de revisión ou adaptación dos instrumentos existentes á data de entrada en vigor desta lei, deberase incorporar a perspectiva climática.

3. Aos efectos de dar cumprimento ao establecido nos apartados anteriores, os instrumentos incorporarán:

a) Unha análise do seu impacto sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro directas e inducidas, así como as medidas destinadas a minimizalas ou compensaralas en caso de que non se podan evitar.

b) Unha análise da vulnerabilidade actual e prevista ante os efectos do cambio climático e medidas destinadas a reducila.

c) Unha avaliación, no seu caso, das necesidades enerxéticas, as medidas de eficiencia e a garantía de orixe renovable

#### Artigo 35. *Planificación Enerxética*

1. A Planificación Enerxética de Galicia incorporará a perspectiva climática nos termos establecidos no artigo anterior.

2. A Axenda Galega de Transición Enerxética 2030, como instrumento de planificación estratéxica en materia de enerxía considérase axustada ás previsións da presente lei.

### Artigo 36. *Planificación da Mobilidade*

As administracións públicas de Galicia promoverán a mobilidade sostible a través de:

- a) O fomento de modos de transporte con menor pegada de carbono.
- b) A elaboración de plans de mobilidade activa segura, ciclable e peonil.
- c) Desenvolvemento da intermodalidade dos transportes públicos colectivos, integrando o uso de vehículos sostibles de mobilidade persoal.
- d) Incentivos á adquisición de medios sostibles de mobilidade persoal.
- e) Oferta de sistemas públicos de mobilidade sostible compartida.

### Artigo 37. *Planificación urbanística*

1. A planificación urbanística en Galicia incorporará a perspectiva climática.
2. Neste senso, os obxectivos da planificación urbanística en materia de cambio climático serán:
  - a) A procura de estruturas urbanas compactas e mixtas en usos.
  - b) O aproveitamento das infraestruturas e recursos dispoñibles, así como a promoción de infraestruturas verdes con solucións baseadas na natureza e no uso de materiais sostibles.
  - c) Facilitar o desenvolvemento das enerxías renovables.
  - d) A racionalización da ocupación do solo e a reutilización de espazos degradados potenciando un uso sostible da enerxía, a auga, a xestión de residuos e dos solos.
  - e) A esixencia de rexeneración de solos e rehabilitación de edificios.
  - f) A obriga de deseñar planificacións urbanísticas onde se incorporen criterios de reutilización e filtración de augas de choiva, eficiencia enerxética, utilización de enerxías renovables e promoción de edificacións neutras en carbono.
  - g) Os modelos de mobilidade sostible en función da ordenación do territorio que teña en conta a eficiencia enerxética, as alternativas socialmente eficientes nos modos de mobilidade e o transporte de mercadorías.
  - h) A integración nos concellos, dos espazos urbanos e rurais mediante sistemas de transporte máis sostibles facendo énfase na multimodalidade, unha ampla cobertura dos servizos de transporte.

## CAPÍTULO III

### **Contratación e financamentos públicos**

#### Artigo 38. *Accións sobre o patrimonio público*

1. De conformidade coa lexislación básica estatal, os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico da Galicia, aos que sexa de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de

novembro, de Contratos do Sector Público, promoverán a adaptación e mitigación ao cambio climático mediante a aplicación, alo menos, das seguintes medidas:

a) Nos contratos de subministración de enerxía eléctrica que estes liciten a partir da entrada en vigor da presente lei, o 100% da enerxía subministrada, durante a súa vixencia, terá o seu orixe a partir de fontes de enerxía renovables ou de coxeración de alta eficiencia. Este requisito acreditarase cun certificado coa garantía de orixe expedido pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

b) Nas licitacións dos contratos de servizos para a redacción dun proxecto de obras de mellora de eficiencia enerxética dun inmovible, que forme parte do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, se impondrán criterios de eficiencia enerxética que consigan como mínimo un aforro enerxético medio por encima do 30%, e se asegurará alo menos unha redución media do 30% do consumo de enerxía primaria non renovable.

c) Realizarase, a renovación progresiva ou a substitución por fin da súa vida útil, de instalacións de calefacción e refrixeración e queamento de auga existentes con equipos obsoletos e/ou combustibles fósiles, por outras que utilicen enerxías renovables, nos inmobles que formen parte do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se levarán a cabo nestes inmobles a substitución progresiva de fontes luminosas por outras que sexan enerxéticamente eficientes.

d) Os edificios de nova construción, que se integren dentro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, serán enerxéticamente eficientes. Nos contratos de servizos para a redacción de proxectos de construción destes edificios, asegurarse o uso con fins estruturais dunha porcentaxe mínima de materiais de orixe biolóxica con baixa pegada de carbono e alta eficiencia enerxética que amosen elevadas taxas de reutilización, así como o requisito de alcanzar unha demanda de enerxía primaria que cumpra o requisito de Edificio de Consumo de Enerxía case nulo (EECN) segundo as directrices nacionais. Ademais establecerase como requisito a limitación do valor de consumo de enerxía primaria non renovable nun 80% do límite fixado na sección HE 0 do Documento Básico de Aforro de Enerxía (DB-HE) do Código Técnico da Edificación, acreditada a través do correspondente certificado de eficiencia enerxética.

e) Nos contratos referenciados nas medidas establecidas nos puntos b e d, en materia de residuos, esixirase a lo menos que o 70% (en peso) dos residuos non perigosos de construción e demolición (con exclusión dos materiais naturais da categoría 17 05 04 da lista de residuos establecida pola Decisión 200/532/CE) xerados na obra prepararanse para a

reutilización, o reciclado e outras formas de valorización de materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos en substitución de outros materiais, de conformidade coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE. Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e a demolición, de conformidade con este Protocolo, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e a manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e o reciclado de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilización os sistemas de clasificación dispoñibles para os residuos da construción e a demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realizarase de maneira preferente no lugar de xeración dos residuos.

f) En relación cos vehículos, que vaian formar parte do parque de vehículos da Xunta de Galicia, soamente licitarase a subministración de turismos, motocicletas, furgóns e furgonetas libres ou de baixas emisións, xa sexa para a súa adquisición en propiedade ou para o seu arrendamento. Poderanse establecer excepcións por razóns técnicas debidamente xustificadas.

2. As medidas recollidas nos puntos a e c do apartado anterior serán tamén de aplicación para os Concellos de máis de 20.000 habitantes.

3. Na adquisición de bens inmobles a título oneroso por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, que se vaian a integrar no patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, tramitados mediante procedementos que garanten o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrência, terán que valorar como criterio de adxudicación que sexan enerxéticamente eficientes, tal como se describe na letra d do apartado 1, agás en aqueles procedementos nos que se pretenda adquirir inmobles que se asimilen a obra nova e, polo tanto, non se pode calcular o consumo enerxético do inmovle nin o consumo da enerxía primaria non renovable.

O establecido no paragrafo anterior tamén será aplicable aos procedementos polos que se tramiten os arrendamentos de bens inmobles que precisen os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades públicas instrumentais.

Artigo 39. *Contratación pública ecolóxica*

Os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico da Galicia, aos que sexa de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co seu artigo 126.4, na contratación pública incorporarán como prescricións técnicas particulares, sempre que o obxecto do contrato afecte ou poida afectar ao medio ambiente, algún dos criterios de redución de emisións e de pegada ambiental dirixidos especificamente á loita contra o cambio climático. Entre estes criterios atópanse os relativos a:

- a) Eficiencia enerxética
- b) O uso de enerxías renovables
- c) A mobilidade sostible
- d) A redución de residuos
- e) O uso racional e sustentable de recursos naturais
- f) Compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro

#### *Artigo 40. Contratos públicos de obra ou concesión de obra*

1. As licitacións de contratos de servizos para a redacción de proxectos, de contratos de obras ou de concesión de obras, en aplicación do disposto no artigo 145.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, incluíran entre os criterios de adxudicación, algún dos seguintes:

- a) Criterios de máxima cualificación enerxética das edificacións que se liciten.
- b) A prominencia de uso de fontes de enerxía renovable para os usos previstos da obra a non ser que se xustifique a súa inviabilidade técnica.
- c) Incorporación de materiais de construción sostibles, reutilizados ou de baixo impacto ambiental como os materiais reciclados ou que teñan a condición de fin de residuo ou subproduto, preferentemente de orixe local, ou que supoñan un aforro de auga durante a súa construción e uso.
- d) A redución da pegada de carbono. Para isto se incluíran métodos para medir e comunicar o comportamento ambiental dos produtos e as organizacións de acordo á RECOMENDACIÓN (UE) 2021/2279 da Comisión de 15 de decembro e de 2021 sobre o uso dos métodos da pegada ambiental para medir e comunicar o comportamento ambiental dos produtos e as organizacións ao longo do seu ciclo de vida.



2. Estes criterios de adxudicación só serán aplicables cando estean vinculados co obxecto do contrato.

Artigo 41. *Financiamento sostible*

1. As políticas de financiamento das administracións públicas de Galicia, incluídos os seus entes instrumentais, incluirán fondos públicos destinados a actividades ambientalmente sostibles.

2. As ordes de axudas e subvencións deberán incorporar a perspectiva climática, nomeadamente en canto a emisións de gases de efecto invernadoiro e a avaliación de cumprimento do principio de non causar prexuízo significativo aos obxectivos medioambientais establecidos no artigo 9 e de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 (principio DNSH).

3. Terán carácter prioritario o financiamento destinado á descarbonización das industrias e empresas e as medidas encamiñadas ao ecodeseño de produtos, minimizando o consumo de recursos e emisións no seu proceso produtivo e maximizando o seu ciclo de vida.

## CAPÍTULO IV

### Fomento da descarbonización

Artigo 42. *Programas de descarbonización do sector público autonómico de Galicia*

1. As administracións públicas de Galicia, e os seus entes instrumentais velarán porque os seus servizos contribúan activamente aos obxectivos da presente lei.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e os seus entes instrumentais, elaborarán un Programa de descarbonización que comprenda, alomenos, os seguintes aspectos:

- a) Fontes de enerxía
- b) Redución do consumo de auga
- c) Xestión adecuada de residuos
- d) Sostibilidade de insumos
- e) Redución de materias plásticas
- f) Flotas de vehículos

3. Os concellos de máis de 20.000 habitantes estarán obrigados a presentar ante o departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente

en materia de cambio climático un programa de descarbonización axustado ao recollido no punto 2 deste artigo.

4. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, facilitará ás administracións locais, distintas das contempladas no apartado anterior ás universidades e aos centros de investigación a posta en práctica de medidas equivalentes ás establecidas no presente artigo nas súas infraestruturas, equipamentos e servizos

5. Anualmente as Administracións públicas obrigadas á elaboración dos programas de descarbonización previstos no presente artigo deberán facer público un informe de seguimento.

#### Artigo 43. *Descarbonización da economía*

1. As política económica organizarase na procura da neutralidade climática, de acordo co establecido nesta lei, recoñecendo o valor funcional, cultural e ecolóxico da natureza e investindo na súa conservación e mellora.

2. O crecemento económico basearase na sostibilidade da produción e do consumo dende unha perspectiva social e de longo prazo.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará a descarbonización da economía a través da promoción da economía circular na que o valor dos produtos, os materiais e os recursos se manteñan durante o maior tempo posible e que se reduza ao mínimo a xeración de residuos.

4. Establecerase un proceso de acompañamento das empresas na transición climática do sector industrial para o cumprimento dos obxectivos fixados na presente lei, reforzando a súa competitividade sostible.

5. Para os efectos de dar cumprimento ao establecido no punto anterior, elaborárase unha estratexia integral de economía circular como alternativa a unha economía lineal.

6. Os aspectos a abordar pola estratexia serán:

- a) Consumo sostible.
- b) Fomentar a filosofía de ciclo de vida no tecido empresarial.
- c) Tecnoloxía para a economía circular.
- d) Impulsar a transversalidade no ecodeseño.
- e) A economía circular como motor demográfico

7. A estratexia recollerá medidas tendentes a:

a) A desmaterialización e a dixitalización, sempre que sexa posible, nos servizos públicos e na economía privada

b) O fomento da cultura da reutilización e o comercio de produtos de segunda mano.

c) A aplicación do dereito á reparación dos produtos e a prolongación da súa vida útil.

d) A prevención das perdas e o desperdicio alimentario.

e) A xestión sostible dos residuos, buscando sempre e en primeiro lugar, a prevención da xeración dos mesmos, incrementando as taxas de reciclaxe, a redución drástica dos depósitos en vertedoiro, e o desenvolvemento de sinerxías nos sistemas de recollida e valorización dos diferentes materiais.

f) O uso eficiente da auga e a valorización dos sistemas de tratamento de augas residuais,

g) A protección da biodiversidade e nas actividades socioeconómicas con base na determinación de servizos ecosistémicos e o capital natural.

#### Artigo 44. *Do rexistro da pegada de carbono*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro das grandes e medianas empresas

2. A tal efecto elaborárase un marco regulatorio para certificar a redución baseado nunha contabilidade do carbono rigorosa e transparente a través do Rexistro Galego de pegada de carbono.

Dito marco elaborárase en sinerxía e coherencia mutuas co método da pegada ambiental e en coordinación co correspondente rexistro estatal,

3. As grandes e medianas empresas inscribíranse no Rexistro no que farán constar:

a) Os cálculos anuais de pegada de carbono que realicen

b) Os datos relativos aos plans de redución de emisións

c) Os proxectos de absorción de dióxido de carbono asociados ao mecanismo voluntario.

4. Calquera persoa física ou xurídica non incluída no apartado anterior poderá inscribirse voluntariamente no Rexistro.

#### Artigo 45. *Dos sumidoiros de carbono*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a ampliación da capacidade de captación de gases de efecto invernadoiro, nomeadamente dióxido de carbono, por sumidoiros, preferentemente naturais, tanto terrestres como mariños.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia levará a cabo a identificación e análises de situación dos sumidoiros naturais existentes na Comunidade Autónoma.

3. Para os efectos de cumprimento das responsabilidades establecidas no Real Decreto 163/2014, de 14 de marzo, polo que se crea o rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono, o normativa que o substitúa, a Administración xeral da Comunidade Autónoma verificará os datos das inscricións na

sección b), de proxectos de absorción de CO2 e instará, cando corresponda á súa actualización.

4. Para os efectos de fomento da mellora e ampliación dos sumidoiros naturais a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia establecerá os mecanismos pertinentes para asegurar a lealdade nas prácticas de compensación das emisións a partires dos sumidoiros naturais de carbono de xeito que os beneficios redunden no desenvolvemento das zonas rurais.

5. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborará coa Administración Xeral de Estado para asegurar a comparabilidade dos datos e exhaustividade da información referente aos sumidoiros naturais e tecnolóxicos da Comunidade.

6. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a investigación que contribúa a ampliación da capacidade de almacenamento e captación de gases de efecto invernadoiro.

## TITULO VI

### **Seguimento e avaliación**

#### CAPÍTULO I

#### **Avaliación**

*Artigo 46. Mecanismos e ferramentas de avaliación*

1. Para os efectos de monitorización de todas as medidas previstas na presente lei terán a consideración de mecanismos e ferramentas de avaliación os seguintes:

- a) As estratexias a longo e os plans a curto prazo
- b) Os informes de seguimento e os intermedios previstos nesta lei
- c) O inventario de emisións
- d) Os orzamentos de carbono
- e) As memorias de inversións e gasto en materia de loita contra o cambio climático previstas no artigo 33
- f) O sistema de indicadores de seguimento e avaliación e o cadro de mando

2. Os mecanismos e ferramentas previstos no punto anterior terán un carácter público e estarán accesible a través do portal de acción climática previsto nesta lei.

*Artigo 47. Informe dos programas de descarbonización das administración públicas*

1. O informe anual previsto no número 5 do artigo 42 desta lei deberá recoller os seguintes aspectos:

- a) Fontes de enerxía
- b) Redución do consumo de auga

- c) Xestión adecuada de residuos
  - d) Sostibilidade de insumos
  - e) Redución de materias plásticas
  - f) Flotas de vehículos
2. Para facilitar o seguimento dos progresos, o informe conterá o grado de consecución dos obxectivos e das medidas correctoras seguintes:
- a) Inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro.
  - b) Medidas de aforro e eficiencia enerxéticos e uso do auga nos edificios.
  - c) Medidas de redución da xeración de residuos e de mellora da súa xestión.
  - d) Grado de eficiencia enerxética dos edificios e as emisións.
  - e) Medidas de implantación de enerxías renovables.
  - f) Medidas de fomento do transporte colectivo
  - g) Medidas para a introdución de vehículos con misión misión de dióxido de carbono.
  - h) Actuacións en materia de ambientalización dos insumos
3. O departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático elaborará un modelo de informe estandarizado que permita a comparabilidade da información contida nos mesmos.

## CAPÍTULO II

### **Seguimento**

#### *Artigo 48. Inventario de emisións*

1. Para facer un seguimento das emisión e os obxectivos de redución, o departamento competente en materia de cambio climático elaborará o Inventario de emisións á atmosfera de gases de efecto invernadoiro de Galicia.
2. O inventario debe recoller tanto as emisións de fontes naturais como as procedentes de actividades antropoxénicas, así como os sumidoiros de carbono recollidos no artigo 45 desta lei.
3. O inventario tamén recollerá as proxeccións das emisións elaboradas de acordo cos criterios e escenarios vixentes de ámbito internacional.
4. O inventario elaborarse de acordo cos requisitos e as directrices nacionais, europeas e internacionais, asegurando a coherencia, comparabilidade e o rigor das estimacións.
5. O inventario actualizarase anualmente e estará dispoñible no portal de acción climática.
6. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborará coa Administración Xeral de Estado para asegurar a comparabilidade dos datos e exhaustividade da información referente ao inventario de Galicia.

7. O seu alcance, contido e os criterios de calidade aplicables determinaranse regulamentariamente.

## TITULO VII

### **Disciplina e marco sancionador**

#### CAPÍTULO I

##### **Disciplina**

###### *Artigo 49. Competencias*

1. As administracións públicas de Galicia, velarán polo cumprimento da presente lei no ámbito das súas competencias.
2. Corresponderá ao departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de cambio climático o exercicio da función inspectora e da potestade sancionadora

###### *Artigo 50. Responsabilidade*

1. Constitúen obxecto de responsabilidade as accións e omisións que contribúan ao cambio climático
2. Nomeadamente, serán obxecto de sanción:
  - a) As accións e omisión que sexan lesivas para o clima
  - b) As prácticas que violen as disposición recollidas nesta lei
  - c) A utilización indebida ou abusiva dos recursos naturais.
3. Poden ser suxeitos responsables das infraccións reguladas neste título tanto as persoas físicas como as xurídicas.

#### CAPÍTULO II

##### **Inspección**

###### *Artigo 51. Función inspectora*

1. Corresponde aos servizos de inspección da consellería competente en materia de cambio climático o exercicio da función inspectora, a cal se desenvolverá de conformidade co establecido no Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.
2. En particular, corresponde aos servizos de inspección o exercicio das seguintes facultades:
  - a) Acceso a inmobles, establecementos e instalacións consumidoras ou xeradoras de enerxía.
  - b) Requirir motivadamente a comparecencia, nas dependencias administrativas, da persona titular ou das persoas responsables do establecemento ou instalación ou persoa que o represente.
  - c) Requirir os documentación que considere necesaria.

- d) Practicar dilixencias de investigación para verificar o cumprimento da normativa aplicable.

### CAPÍTULO III

#### **Infraccións e sancións**

##### Artigo 52. *Infraccións*

1. As infraccións cualifícanse como leves, graves e moi graves, de conformidade co establecido na presente lei.

2. Constitúen infraccións leves:

- a) Non presentar os Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable municipal exixidos para os Concellos de máis de 20.000 habitantes previsto no artigo 31.
- b) Non presentar o informe bianual sobre o grado de cumprimento do os Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable municipal exixidos para os concellos de máis de 20.000 habitantes previsto no artigo 31.
- c) Non presentar ante o departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de cambio climático un programa de descarbonización axustado ao recollido no punto 2 do artigo 42 por parte dos concellos de máis de 20.000 habitantes

3. Constitúen infraccións graves:

- a) incumprimento do requirimentos feitos a causa dunha infracción leve.
- b) A falsidade ou alteración dos datos contidos nos documentos de carácter preceptivo recollidos nesta lei
- c) A reincidencia nunha infracción leve cometida nos dous anos anteriores.
- d) A obstrución ou negativa a subministrar datos ou facilitar as funcións de inspección
- e) Non elaborar os Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable municipal exixidos para os concellos de máis de 20.000 habitantes previsto no artigo 31.
- f) Non someter os Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable municipal exixidos para os concellos de máis de 20.000 habitantes previsto no artigo 31 a avaliación estratéxica
- g) Non elaborar o informe bianual sobre o grado de cumprimento do os Plans de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable municipal exixidos para os concellos de máis de 20.000 habitantes previsto no artigo 31.
- h) Non incorporar a perspectiva climática no análise de avaliación de impacto normativo dos Concellos previsto no artigo 32.
- i) Non incorporar a perspectiva climática no proxectos normativos de orzamentos dos concellos de máis de 20.000 habitantes previsto no artigo 33.

- j) Non elaborar o programa de descarbonización axustado ao recollido no punto 2 do artigo 42 por parte dos concellos de máis de 20.000 habitantes
- k) Non incorporar, os concellos de máis de 20.000 habitantes, nos seus contratos de subministro eléctrico que se liciten a partir da entrada en vigor da presente lei, que sexan de enerxía de fontes renovables.
- l) Non proceder, os concellos de máis de 20.000 habitantes, á substitución progresiva dos equipamentos ubicados en edificios públicos da súa titularidade.

4. Constitúen infraccións moi graves:

- a) O incumprimento do deber de redución de emisión
- b) A reincidencia nunha infracción grave cometida nos dous anos anteriores.

Artigo 53. *Sancións*

A comisión das infraccións tipificadas nos artigos anteriores dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) No caso da comisión dunha infracción leve, multa de ata 30.000 euros.
- b) No caso da comisión dunha infracción grave, multa de 30.001 ata 60.000 euros.
- c) No caso dla comisión dunha infracción moi grave, multa de 60.001 ata 120.000 euros.

Artigo 54. *Prescrición*

- 1. As infraccións moi graves e graves prescribirán aos catro anos da súa comisión,
- 2. As infraccións leves prescribirán aos dous anos da súa comisión.

Disposición adicional primeira.- *Ausencia de custes*

O exercicio polo órgano correspondente da Consellería competente en materia de cambio climático das funcións como Centro Galego de Coñecemento sobre o Cambio Climático, non suporá incremento de custes.

Disposición adicional segunda. *Orzamentos de carbono*

Establécese un prazo máximo de dous anos a partires da aprobación desta lei para dar cumprimento ao recollido no artigo 29.

Disposición adicional terceira. *Estratexia a longo prazo e plan rexional integrado*

Establécese un prazo máximo de un ano a partires da aprobación desta lei para dar cumprimento ao recollido nos artigos 28 e 30 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Perspectiva climática*



1. O departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático deberá elaborar o modelo estandarizado de avaliación para perspectivas climática prevista no artigo 32 nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei.

2. Nun prazo non superior a 5 anos, deberá procederse á revisión ou adaptación dos instrumentos de planificación recollidos no artigo 27 que afecten ás áreas estratéxicas recollidas no artigo 9 da presente lei.

3. Para dar cumprimento ao recollido no artigo 33 desta lei, en relación á perspectiva climática nos orzamentos teranse en conta as conclusións e recomendación do proxecto REFORM/SC 2021 057 da Comisión europea <<Revisión do gasto público ligado ás políticas de cambio climático e avaliación do impacto económico dos riscos relacionados co clima>>.

#### Disposición adicional quinta. *Sumidoiros de carbono*

Para a identificación e análise de situación dos sumidoiros naturais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto terrestres como mariños, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia disporá dun prazo de dous anos.

#### Disposición adicional sexta. *Da Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050*

A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 deberá elaborar e aprobar o sistema de indicadores de seguimento e avaliación e o cadro de mando previsto na letra b) do artigo 22 nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei.

#### Disposición adicional sétima. *Consello galego do clima*

O regulamento de desenvolvemento do Consello galego do clima previsto no artigo 23 aprobarase nun prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

#### Disposición adicional oitava. *Dimensión social*

A constitución da alianza galega polo clima e a creación do portal de acción climática deberá producirse nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei.

#### Disposición adicional novena. *Modelo estandarizado dos programas de descarbonización*

O departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático deberá elaborar o modelo estandarizado

de informe anual dos programas de descarbonización das administracións públicas previsto do apartado 3 do artigo 47 nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional décima. *Inventario de emisións*

O departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia en materia de cambio climático deberá elaborar e aprobar o regulamento do inventario de emisións previsto no artigo 48 nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional décimo primeira. *Revisión da Estratexia galega de Cambio Climático e Enerxía 2050*

A revisión dos contidos da actual Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e do seu Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 determinarase de acordo aos obxectivos e principios establecidos para o conxunto da Unión Europea na lexislación comunitaria

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogada a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia en todos os aspectos que se opoñan a esta lei.
2. Queda derogado o Decreto 164/1999, do 27 de maio, polo que se establecen as competencias e funcións do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.
3. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para que dite cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

